

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión ordinaria do 23 de decembro de 2015**

**ASISTENTES:**

**Membros**

Excmo. Sr. Alcalde  
D. David Regades Fernández  
D. Carlos López Font  
M<sup>a</sup> José Caride Estévez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero.  
D<sup>a</sup>. Olga Alonso Suárez  
D. Angel Rivas González.  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup>. Isaura Abelairas Rodríguez  
D. Jaime Aneiros Pereira.

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup>. Carmen Silva Rego

**Invitados**

D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D. Santos Hector Rodríguez Díaz  
D<sup>a</sup>. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día vinte e tres de decembro de dous mil quince e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. Escariz Couso.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(1445).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión extraordinaria e urxente do 10 de decembro e ordinaria e extraordinaria e urxente do 11 de decembro de 2015. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

**2(1446).- PROPOSTA DE CONTRATO DE CESIÓN E DEPÓSITO DE BENS DE INTERESE HISTÓRICO-ARTÍSTICO DO CÍRCULO MERCANTIL DE VIGO. EXPTE. 5549/337.**

Visto o informe xurídico do 11.12.15, o informe de fiscalización do 21.12.15, e o informe-proposta do director do Museo, do 21.12.15, conformado polo xefe do Servizo de Museos, o xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e o concelleiro delegado de Cultura, que di o seguinte:

*En data 18 de novembro o Círculo Cultural Mercantil e Industrial de Vigo dirixe escrito á Xefatura de Xestión e Promoción Cultural de proposta ao Concello de Vigo de cesión temporal de obras de arte (depósito) da súa colección para a súa conservación e se procede exposición. A devandita entidade acompaña o seu escrito de acta notarial acreditativa de que as obras obxecto da cesión son da súa propiedade. Visto o cal procédese á apertura do presente expediente administrativo por parte do Museo Municipal "Quiñones de León". Por parte do que subscribe infórmase favorablemente acerca da proposta de depósito visto o interese histórico-artístico das obras en cesión; e considerando a necesaria colaboración que o Concello de Vigo debe prestar en toda actuación dirixida á protección do patrimonio cultural de importancia para a cidade. Ao obxecto de formalizar debidamente as condicións de cesión, o que subscribe elaborou, sobre proposta presentada polo Círculo Mercantil, proposta de CONTRATO DE CESIÓN E DEPÓSITO DE BENS DE INTERESE HISTÓRICO-ARTÍSTICO DO CÍRCULO MERCANTIL DE VIGO.*

*A proposta conta co informe favorable do Secretario da Administración Municipal; así como da Intervención Xeral.*

*Visto todo o cal, seguindo instrucións do Concelleiro Delegado de Cultura, coa conformidade da xefatura do servizo de museos; e da xefatura do servizo de Xestión e Promoción Cultural; faise á Xunta de Goberno Local a seguinte*

**PROPOSTA.-**

*"Aprobar a proposta de CONTRATO DE CESIÓN E DEPÓSITO DE BENS DE INTERESE HISTÓRICO-ARTÍSTICO DO CÍRCULO MERCANTIL DE VIGO para recepción, custodia e, se procede, exhibición; por parte do Concello de Vigo; dos bens propiedade do Círculo Cultural, Mercantil e Industrial de Vigo; referenciados no anexo ao antedito contrato".*

**Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**3(1447).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO EVENTO "54º GRAN PREMIO PEDESTRE DO NADAL 2015" O VINDEIRO 27 DE DECEMBRO. EXPTE. 14664/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes e o secretario de Admón. Municipal, que di o seguinte:

### 1.- ANTECEDENTES:

A Federación Galega de Atletismo, solicitou o día 21-11-2015, a través do Rexistro Municipal (Doc.150149631), con CIF (G-15103500) autorización para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- Nome do evento: 54º GRAN PREMIO PEDESTRE DO NADAL
- Data: 27 DE DICIEMBRE DE 2015
- Horario: 10.30H

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dita carreira que terá lugar o vindeiro domingo 27 de decembro de 2015, a proba deportiva denominada 54ª GRAN PREMIO PEDESTRE DO NADAL-CARREIRA DO PAVO: Se farán dúas carreras simultaneas con saída a mesma hora ás 11.00horas, unha de 5Km(1 volta) e 10Km(2 voltas), a saída será dende a Pza de Compostela (parte sur), e percorrerá por Areal( pola súa dereita), xiro en Areal antes do cru zamento con Serafin Avendaño (estación de ferrocarril), volta por Areal(pola sua dereita), Concepción Areal, Zona portuaria, García Olloqui, Pza de Compostela (parte oeste), meta en Pza Compostela (parte sur), ás 10.30 terá lugar a carreira dos benxamines e as 10.45 ons infantiles con 1Km de percorrido.

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- Policía Local.
- Seguridade
- Protección civil
- Autoridad Portuaria

### 2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidad Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Visto o anterior, proponse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

### 3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar a Federación Galega de Atletismo con CIF (G-15103500) a organizar a proba deportiva 54º GRAN PREMIO PEDESTRE DO NADAL 2015, esta proba terá lugar o vindeiro domingo 27 de decembro de 2015, a partir das 11.00 as probas absolutas;

Se farán dúas carreras simultaneas con saída a mesma hora ás 11.00horas, unha de 5Km(1 volta) e 10Km(2 voltas), a saída será dende a Pza de Compostela (parte sur), e percorrerá por Areal( pola súa dereita), xiro en Areal antes do cruzamento con Serafín Avendaño (estación de ferrocarril), volta por Areal(pola súa dereita), Concepción Areal, Zona portuaria, García Olloqui, Pza de Compostela (parte oeste), meta en Pza Compostela (parte sur):

Ás 10.30 terá lugar a carreira dos benxamines e as 10.45 ons infantiles con 1Km de percorrido.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **4(1448).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA “CARREIRA POPULAR SAN SILVESTRE 2015” O 31 DE DECEMBRO DE 2015. EXPTE. 14685/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, do 17.12.15, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes e o secretario de Admón. Municipal, que di o seguinte:

#### **1.- ANTECEDENTES:**

A Concellería de Deportes, solicitou o día 04-12-2015, a través do Rexistro Municipal (Doc.150156442) autorización para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:

- Nome do evento:SAN SILVESTRE
- Data: 31 de decembro de 2015
- Horario: 17.00H

O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dita carreira que terá lugar o xoves 31 de decembro de 2015, esta proba comenará ás 17.00h a carreira terá a súa saída dende a praza de Compostela para proseguir por Areal, Serafín Avendaño, Arenal, Praza Compostela, García Olloqui, Luis Taboada, Pablos Morillo, Montero Rios, Cánovas del Castillo, Teófilo Llorente, Beiramar, Ribeira do Berbés, Real, Triunfo, Pza Constitución, Fermín Penzol, Marqués de Valladares, Colón, e Concepción Areal.

A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:

- Policía Local.
- Seguridade
- Protección civil

#### **2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:**

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas,

*marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano , con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidad Civil ao que se refire o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.*

*Visto o anterior, propónse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:*

### **3- PROPOSTA DE ACORDO:**

*Autorizar a Concellería de Deportes a organizar a proba deportiva SAN SILVESTRE 2015, esta proba terá lugar o vindeiro xoves 31 de decembro de 2015, ás 17.00h e terá a súa saída dende a Praza de Compostela percorrendo polas seguintes rúas: Areal, Serafín Avendaño, Arenal, Praza Compostela, García Olloqui, Luis Taboada, Pablos Morillo, Montero Rios, Cánovas del Castillo, Teófilo Llorente, Beiramar, Ribeira do Berbés, Real, Triunfo, Pza Constitución, Fermín Penzol, Marqués de Valladares, Colón, e Concepción Areal, onde se atopará a meta.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **5(1449).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA MARCHA CICLISTA DENOMINADA “BICIS NO NADAL” O 3 DE XANEIRO DE 2016. EXPTE. 14595/333.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, do 17.12.15, conformado polo concelleiro-delegado de Deportes e o secretario de Admón. Municipal, que di o seguinte:

#### **1.- ANTECEDENTES:**

*A entidade Club Ciclista Vigués, con CIF (G36650885), solicitou o día 26-11-2015, a través do Rexistro Municipal (Doc.150152433) autorización ó Concello de Vigo para organizar o seguinte evento deportivo nun espazo público:*

- *Nome do evento: BICIS NO NADAL*
- *Data: 3 DE XANEIRO DE 2016*
- *Horario:10.30h A 13.00h*

*O solicitante remitiu a documentación necesaria para a tramitación do expediente administrativo correspondente a dita carreira que terá lugar o domingo 3 de xaneiro de 2016,este evento ten previsto comenazar ás 10.30h con saída dende a pza Compostel, seguindo pola rúa Concepción Areal, Colón, Policarpo Sanz, Elduayen, Paseo de Alfonso, Pi y Margall, López Mora, Camelias, Pza América, Gran Vía, Pizarro, Travesía de Vigo, Buenos Aires, Sanjurjo Badía, García Barbón, Isaac Peral, para rematar no Praza de Compostela.*

*A Concellería de Deportes, área responsable da coordinación das autorizacións municipais necesarias para o desenvolvemento do evento deportivo de referencia, solicitou e recibiu informes positivos das seguintes áreas municipais implicadas:*

- *Policía Local.*
- *Seguridade.*
- *Protección civil*

## 2.- FUNDAMENTO XURÍDICO:

A solicitude de autorización tramitouse tendo en conta o disposto no anexo II do Real Decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, que determine que a competencia para expedir a autorización para celebrar probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos, corresponderá ao concello, cando a proba se desenvolva integramente dentro do casco urbano, con exclusión das travesías, e que o solicitante manifesta contar co Seguro de Responsabilidade Civil ao que se refíere o artigo 23 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, informa favorablemente a proposta.

Visto o anterior, proponse a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte acordo:

### 3- PROPOSTA DE ACORDO:

Autorizar ao Club Ciclista Vigués, con CIF (G-36650885) a organizar o vindeiro domingo 3 de xaneiro de 2016, a marcha ciclista denominada BICIS NO NADAL. A carreira comenará ás 10.30h e rematará ás 13.00h, tendo a súa saída dende a pza Compostela, seguindo pola rúa Concepción Areal, Colón, Policarpo Sanz, Elduayen, Paseo de Alfonso, Pi y Margall, López Mora, Camelias, Pza América, Gran Vía, Pizarro, Travesía de Vigo, Buenos Aires, Sanjurjo Badía, García Barbón, Isaac Peral, para rematar no Praza de Compostela.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **6(1450).- REVISIÓN DE PREZOS DE CONTRATO PARA A XESTIÓN, ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA MUNICIPAL DE INMERSIÓN LINGÜÍSTICA MEDIANTE INTEGRACIÓN ESCOLAR EN PERÍODO LECTIVO NUN HIGH SCHOOL “VIGO EN INGLÉS 2014. EXPTE. 16073/332.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 2.12.15 e o informe de fiscalización do 16.12.15, dáse conta do informe-proposta do técnico do Servizo de Educación, do 30.11.15, conformado pola concelleira de Educación e o concelleiro de Economía e Facenda, que di o seguinte:

#### *Antecedentes:*

1. A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do 13 de xuño de 2014, adoptou o acordo de:

- Declarar a urxencia na tramitación do expediente 16073-332 polas razóns expostas polo Técnico de Educación na memoria xustificativa de 06/05/14 e dilixencia de 06/06/14.
- Aprobar o expediente de contratación dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar en período lectivo nun High School “Vigo en Inglés” por procedemento aberto.
- Aprobar o Prego de preescripcions técnicas de 06/06/2014 redactado polo Servizo de Educación e o Prego de cláusulas administrativas particulares de data 06/06/14 redactado polo

*Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente para a contratación dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar en periodo lectivo nun High School "Vigo en Inglés" por procedemento aberto.*

*•Aprobar o gasto por importe de 1.392.000,00 euros (696.000,00.-€ na anualidade de 2014 e 696.000,00.-€ na anualidade de 2015) para a contratación dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar en periodo lectivo nun High School "Vigo en Inglés" por procedemento aberto, con cargo á partida presupostaria 3210.227.99.17 do programa educativo "Aulas Internacionais".*

*2. A Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente do 08 de agosto de 2014, adoptou o acordo de adxudicar a "Newlink Education, S.L" o procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar en periodo lectivo nun High School "VIGO EN INGLES" (expte. 16073-332) por un prezo total de 1.359.810.-€ (IVE incluído), sendo o prezo unitario por alumno de 2.344,50 euros; de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 13 de xuño de 2014 e a oferta presentada.*

*Lembremos que tanto no PCAP como na adxudicación inicial se establece un prazo de duración do contrato de dous anos, e dúas posibles prórrogas, a primeira dun ano de duración e a segunda ata o 31 de decembro de 2017. Segundo contrato formalizado entre o Concello de Vigo e a empresa adxudicataria, o prazo do contrato é de dous anos contados dende o 07 de outubro de 2014.*

*Cómpre saliantar que a prestación do 1º ano de contrato do programa municipal "Vigo en Inglés 2014" ten desenvolvido a estadía e inmersión lingüística de 300 alumnos en High Schools de integración de Reino Unido e Irlanda ao longo de tres semanas (do 21/11/2014 ao 17/12/2014). Polo tanto, no 1º ano de contrato esta iniciativa municipal de inmersión lingüística, foi desenvolvida de xeito íntegro e satisfactorio, de conformidade cos parámetros didácticos e pedagóxicos de funcionamento contidos nos pregos de condicións administrativas e técnicas que rexeron o citado contrato.*

#### **Fundamentación xurídica:**

*1º.- A revisión de prezos deste contrato está regulada na cláusula 31ª do Prego de Cláusulas Administrativas particulares e na cláusula 3J) das Follas das características do contrato (FEC en diante). En ditas cláusulas se recolle que procederá a primeira revisión de prezos do contrato unha vez transcorrido o prazo dun ano desde a data de formalización do contrato e sempre e cando este se tivese executado alomenos no 20% do seu importe.*

*Polo tanto, como queira que o contrato iniciouse o 07 de outubro de 2014, tendo previsto rematar o 06 de outubro de 2016, pero como o mesmo ten transcurrido o primeiro ano de duración ate 06 de outubro de 2015, cómpre propor a aprobación da 1ª revisión de prezo.*

*2º.-Fórmula de cálculo: Segundo a cláusula 3J) das FEC, se aplicará o seguinte sistema de revisión:*

*•Se o incremento do Produto Interior Bruto (PIB) a prezos constantes no ano anterior á revisión é superior ó 1% e inferior ó 2%, o prezo do contrato incrementarase nun 0,4%.*

- Se o incremento do Produto Interior Bruto (PIB) a prezos constantes no ano anterior á revisión alcanza ou supera o 2%, o prezo do contrato incrementarase nun 0,9%.

Tras estas consideracións, e logo das conversas mantidas coa intervención municipal sobre o asunto obxecto do presente informe, infórmase do seguinte:

Como queira entón que segundo a información contida na páxina web oficial do Instituto Nacional de Estadística (INE), a variación experimentada polo PIB no ano 2014 foi do 1,4%, sendo esta porcentaxe superior ao 1% e inferior ao 2%, en consecuencia o prezo do contrato incrementarase nun 0,4%, que aplicado ao prezo anual do contrato 679.905,00.-€ ascende a 2.719,62.-€, que sería o importe de actualización imputable ao exercizo 2015 correspondente á 1ª revisión de prezos.

Para poder afrontar o gasto indicado e conforme ás instrucións da Concelleira de Educación, detraerese esta obriga económica da partida 3260.227.99.17 (Programa Educativo “Aulas Internacionais”), xa que ademais de imputarse á mesma o importe do contrato do programa “Vigo en Inglés” conta con saldo suficiente, polo que non afectará ao normal desenvolvemento do Servizo.

Documentación achegada:

No presente expediente figura, entre outras, a seguinte documentación: A totalidade do expediente 16073-332.

Á vista das anteriores consideracións, proponse á Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, previo informe de asistencia xurídica e da Intervención Xeral, a adopción do seguinte acordo:

#### A C O R D O

1º.- Aprobado a 1ª revisión de prezos do contrato para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión linguística mediante integración escolar en período lectivo nun High School “VIGO EN INGLES 2014”, para aplicar no período de facturación 07 de outubro de 2015 – 06 de outubro 2016, quedando o importe do contrato actualizado para ese período en 682.624,62.-€/ano ( $679.905,00.-€ \times 0,4\% = 2.719,62.-€$ )

2º.- Recoñecer en concepto de atrasos polo período comprendido entre o 07 outubro de 2015 e 06 de outubro de 2016, a cantidade total de 2.719,62.-€ a favor de Newlink Education, S.L.

3º.- Dito gasto efectuarase con cargo á partida presupostaria 3260.227.99.17 (Programa Educativo “Aulas Internacionais”) en concepto de cotas pendentes.

#### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **7(1451).- RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO CONTRA A RESOLUCIÓN DO OUTORGAMENTO DE AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS DO ANO 2015. EXPTE. 12117/77.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 18.12.15, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 18.12.15, conformado polo secretario da Administración municipal e polo concelleiro de Emprego, que di o seguinte:



A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa sesión ordinaria do 27.11.2015, acordou a concesión e denegación das Axudas Municipáis á Creación de Empresas do ano 2015 (Expte. 12117/77).

No acordo propónse a concesión, entre outras, da solicitude seguinte:

EXPTE.	SOLICITANTE	DNI/CIF	BAREMO	SUBVENCIÓN A CONCEDER
11882/77	TUPELU, CB	E27804483	16	2.381,37 €

De conformidade coa Base 5ª relativa á Concesión das axudas e tramitación do pagamento, das Bases reguladoras e convocatoria das Axudas Municipáis á Creación de Empresas para o ano 2014, con data do 24.11.2014 publicouse no taboleiro de edictos do Concello de Vigo e na páxina web do concello [www.vigo.org](http://www.vigo.org) a resolución relativa ao outorgamento destas axudas e ao requerimento da documentación xustificativa correspondente, necesaria para o pagamento da axuda, nun prazo de dez días a contar do seguinte ao da notificación.

Con data do 02.12.2015 e núm. de rexistro 150155209 Ana Isabel Flores Chavez co DNI 39486516R como representante da empresa TUPELU, CB presentou, dentro do prazo establecido ao efecto, a documentación xustificativa da subvención concedida, conforme ás Bases reguladoras e convocatoria das Axuda Municipáis á Creación de Empresas do ano 2015.

De xeito simultáneo, con data do 02.12.2015 e núm. de rexistro 150155213 Ana Isabel Flores Chavez como representante da empresa TUPELU, CB (expte. 11882/77) presentou, dentro do prazo establecido ao efecto, recurso de reposición contra o acordo de resolución da Xunta de Goberno Local do 27.11.2015 pola que se lle concedeu unha axuda por importe de 2.381,37€.

No recurso presentado a representante da empresa manifesta a disconformidade co importe da axuda e solicita admitir o dito recurso e recoñecer o incremento da axuda concedida baseado nas seguintes alegacións:

“Na relación de facturas aportada polo Concello, no apartado E) o total subministración e gastos correntes é de 702,67€ subvención 351,34€. O sumar as facturas temos unha diferenza, según os nosos cálculos o total do apartado E) sería 1002,91€ plo que o total subvención sería 501,46€.

Tamén comprobamos que non aceptaron a factura de Jazztel do mes de setembro, cando facilitamos un duplicado da factura facilitado polo proveedor da telefonía por extravío da factura orixinal, consideramos que debería incluírse ó importe do gasto dentro da relación aceptada.

En derradeiro, non tiveron en conta os gastos do proveedor SECURITAS DIRECT, subvencionables según o artigo 1.5 letra e, cun importe elevado de gasto para a nosa empresa.”

Revisado o expediente 11882/77 da empresa TUPELU, CB constátase o erro no cálculo da axuda a conceder no relativo ao apartado e. Subministración e gastos correntes, procedeuse a incluír a factura de Jazztel do mes de setembro e os gastos da cota mensual dos equipos de seguridade polo que corresponde outorgar unha axuda de 2.636,42€ que supón unha diferenza de 255,05€ respecto ao importe concedido.

Debido a que a aplicación orzamentaria 2410.470.00.01 "Axudas á Creación de empresas" non ten disponible suficiente, o abono da diferenza de 255,05€ farase con cargo á bolsa de vinculación 47.

Por último, non procede incorporar a factura 14OT00825241 de Securitas Direct España, SAU por corresponder a un gasto de equipamento de seguridade que é un gasto non incluído expresamente nos conceptos subvencionables.

Polo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

**PRIMEIRO.-** Estimar parcialmente o recurso de reposición presentado por Ana Isabel Flores Chavez co DNI 39486516R como representante da empresa TUPELU, CB (expte. 11882/77), e incrementar a contía da axuda concedida nun importe de 255,05€ que farase efectivo con cargo á bolsa de vinculación 47 por canto procede outorgar unha axuda por importe de 2.636,42€ e desestimar a incorporación da factura 14OT00825241 de Securitas Direct España, SAU de concepto non subvencionable segundo ás bases reguladoras e convocatoria das Axudas Municipais á Creación de Empresas para o ano 2015.

**SEGUNDO.-** Dar conta á empresa beneficiaria do acordo adoptado en resposta ao recurso de reposición presentado.

**TERCEIRO.-** Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-Administrativa."

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **8(1452).- PROPOSTA DE ABOAMENTO DE GASTOS DE COMUNIDADE DA VIVENDA MUNICIPAL IDENTIFICADA COMO CENTRO DE SERVIZOS SOCIAIS DENOMINADA "VIVENDA DE PROTECCIÓN DE VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO II" CO NÚM. 638-C-7. EXPTE. 6964/224.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 03/12/15 e de fiscalización do 15/12/15, dáse conta do informe-proposta proposta do 09/12/15 da xefa do servizo de Igualdade, conformado pola concelleira-delegada de área, polo concelleiro de Orzamentos e Facenda e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal que di o seguinte:

*"Na sesión de data 05/05/2008 a Xunta de Goberno Local acordou a aceptación da cesión realizada polo Instituto Galego da Vivenda e Solo de tres vivendas destinadas ao colectivo de mulleres vítimas de violencia de xénero, que xestiona desde entón a Concellería de Igualdade.*

*En data 17/03/2015 o Departamento municipal de Patrimonio traslada a este órgano xestor instrucións para que a partir desa data a Concellería de Igualdade realice a tramitación do pago das cuotas de comunidade das tres vivendas que integran a rede municipal de vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero.*

Con respecto á vivenda municipal identificada pola Xunta de Galicia como centro de servizos sociais denominado “Vivenda de protección de vítimas de violencia de xénero II” co núm. E- 638-C-7, este servizo tramitou no exercicio 2015, o abono das débedas correspondentes ás cuotas ordinarias do período comprendido entre o mes de xullo de 2014 ata o mes de maio de 2015 (ambos incluídos).

Segundo a comparecencia feita o día 01/12/2015 polo presidente da comunidade, a débeda que ata esa data o Concello de Vigo mantén coa comunidade de propietarios/as ascende a 360,00€, que corresponden ás cuotas ordinarias de comunidade no período comprendido entre o mes de xuño e o mes de novembro de 2015; 6 mensualidades a razón de 60€/mes. Incorpórase ao expediente a escritura de cesión da propiedade, actas da comunidade de propietarios/as, escrito de comparecencia do presidenta da comunidade e mailo oficio enviado polo Departamento de Patrimonio a este servizo.

Polo exposto, e previo informe Xurídico e de Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“Aboar á comunidade de propietarios/as da vivenda identificada como centro de servizos sociais denominada “Vivenda de protección de vítimas de violencia de xénero II” co núm. E-638-C-7, en concepto de gastos de comunidade pola propiedade por parte do Concello a cantidade de 360,00€, polo período que abrangue entre xuño a novembro de 2015, ambos incluídos, con cargo á partida “mantemento comunidades” 9200 2120005 do orzamento vixente.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**9(1453).- PROPOSTA DE ABOAMENTO DE GASTOS DE COMUNIDADE DA VIVENDA MUNICIPAL IDENTIFICADA COMO CENTRO DE SERVIZOS SOCIAIS DENOMINADA “VIVENDA DE PROTECCIÓN DE VÍTIMAS DE VIOLENCIA DE XÉNERO III” CO NÚM. 638-C-8. EXPTE. 6974/224.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 11/12/15 e de fiscalización do 17/12/15, dáse conta do informe-proposta proposta do 10/12/15 da xefa do servizo de Igualdade, conformado pola concelleira-delegada de área, polo concelleiro de Orzamentos e Facenda e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal que di o seguinte:

“Na sesión de data 05/05/2008 a Xunta de Goberno Local acordou a aceptación da cesión realizada polo Instituto Galego da Vivenda e Solo de tres vivendas destinadas ao colectivo de mulleres vítimas de violencia de xénero, que xestiona desde entón a Concellería de Igualdade.

En data 17/03/2015 o Departamento municipal de Patrimonio traslada a este órgano xestor instrucións para que a partir desa data a Concellería de Igualdade realice a tramitación do pago das cuotas de comunidade das tres vivendas que integran a rede municipal de vivendas de protección para mulleres vítimas de violencia de xénero.

Con respecto á vivenda municipal identificada pola Xunta de Galicia como centro de servizos sociais denominado “Vivenda de protección de vítimas de violencia de xénero III” co núm. E-638-C-8, este servizo tramitou no exercicio 2015, o abono das débedas correspondentes ás cuotas ordinarias e derrama dende abril de 2014 a maio de 2015, ambas incluídas.

Mediante escrito de data 4/12/2015 a Administradora de fincas “Norsegur” comunica que a débeda que ata esa data o Concello de Vigo mantén coa comunidade de propietarios/as, ascende a 240,00€, que corresponde ás cuotas ordinarias da comunidade no período comprendido entre o mes de xuño e o mes de novembro de 2015; 6 mensualidades a razón de 40,00 euros/mes.

Incorpórase ao expediente a escritura de cesión da propiedade, actas da comunidade de propietarios/as, escrito da Administradora de fincas e mailo oficio enviado polo Departamento de Patrimonio a este servizo.

Polo exposto, e previo informe xurídico e de Intervención Xeral, propónse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

“ Aboar á comunidade de propietarios/as da vivenda identificada como centro de servizos sociais denominada “Vivenda de protección de vítimas de violencia de xénero III” co núm. E-638-C-8, en concepto de gastos de comunidade pola propiedade por parte do Concello, a cantidade de 240,00 euros, polo período que abrangue entre o mes de xuño a novembro de 2015, ambos incluídos, con cargo á partida “mantemento comunidades” 9200 2120005 do orzamento vixente.”

CG/gp

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

## **10(1454).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE ASEGURAMENTO DA FLOTA MUNICIPAL. EXPTE. 11562/445.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 17.12.15, dáse conta do informe-proposta do técnico de Xestión, do 10.12.15, conformado polo xefe de Mantemento dos viais municipais, o asesor xurídico e o concelleiro delegado da Área de Fomento e o concelleiro delegado da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

### 1.- Antecedentes:

A Xunta de Goberno Local en sesión de 8 de agosto 2013, aprobou os Prego de Clausulas Administrativas e Técnicas para a contratación por procedemento aberto e tramitación ordinaria da “cobertura de riscos diversos da flota de vehículos de motor de titularidade do Concello”, así como abrir o procedemento licitatorio para a selección do adxudicatario na forma prevista na lexislación vixente.

A Xunta de Goberno Local en sesión de 10 de decembro de 2013, aprobou adxudicalo a Mapfre Familiar Compañía de Seguros y Reaseguros S.A, (expediente 7969-445) por un prezo total de 411.893,75 euros (IVE incluído) para os exercicios 2014-2015.

O Concello de Vigo asinou o referido coa adxudicataria con data trinta de decembro de dous mil trece.

Atendendo ao prazo de vixencia do contrato, este remata ás 00 horas do día 31 de decembro do ano 2015, cumpríndose os dous anos do contrato.

## 2.- Consideracións xurídicas

O prego de cláusulas administrativas particulares -auténtica lei do contrato según reiteraba e constante xurisprudencia do Tribunal Supremo-establece que o prazo do contrato e de dous anos, podendo prorrogarse polo órgano de contratación expresamente por periodos anuais cun máximo de dúas prórrogas. A prórroga así acordada será obrigatoria para o contratista segundo recolle no punto 4 o Prego Cláusulas Administrativas.

Por outra banda o obxecto do contrato atópase vinculado ao exercicio das competencias municipais previstas no artigo 25 da Lei 7/1985 reguladora das bases de Réxime Local.

O gasto proposto, establece tamén de acordo co principio de sustentabilidade financeira, de acordo o cumprimento da exixencia do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, por entender que o prezo de licitación proposto atópase dentro dos créditos vixentes no actual orzamento. Polo cal esta proposta de gasto non suporá ningún desequilibrio orzamentario por atoparse contempalda no orzamento vixente e o gasto proposto non contempla ningunha outra obriga que se derive do mesmo, xa que a mesta ten a consideración da execución dunha obra e carácter finalista para o Concello.

Atendendo ao correcto funcionamento do contrato de aseguramento da flota municipal, e atendendo a opción de prórroga do mesmo, considérase procedente propoñer a prórroga do actual contrato.

En relación a proposta de prórroga, debemos ter en conta que debido ás altas e baixas producidas na flota municipal no presente exercicio e en cumprimento do acordo da Xunta de Goberno Local do 6 de novembro de 2015 que se achega, o importe anual da prórroga para o exercicio 2016 pasou a ser de 215.735,08 euros.

Para o vindeiro exercicio 2016 deberá incluírse nos orzamentos crédito por importe de 215.735,08 euros, na partida 9202.224.00.00 "Seguro vehículos", ou na que no seu caso a sustitúa.

Durante a prórroga a forma de pago farase mas mesmas condicións que figuran no contrato (trimestralmente), polo que non resulta necesario reaxustar o importe resultante a garantía trala aprobación do acordo da Xunta de Goberno Local do 6 de novembro de 2015.

Previamente a someter o expediente a consideración da Xunta de Goberno Local será perceptivo o informe de fiscalización da Intervención Xeral.

En consecuencia, este servizo do Parque Móbil Municipal proponlle á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

### ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar a primeira prórroga do vixente contrato para o aseguramento da flota municipal (expediente 7969/445), subscrito con MAPFRE FAMILIAR COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGURO S.A CIF A-28141935 con data de sinatura 30 de decembro de 2013, polo período comprendido entre o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2016, e por un prezo máximo de 215.735,08 euros.

*SEGUNDO: Comprometer, para á súa inclusión nos próximos orzamentos do exercicio 2016 o gasto polo importe de 215.735,08 €, para facer fronte á primeira prórroga que se propón do contrato de “cobertura de riscos diversos da flota de vehículos de motor de titularidade do Concello”.*

*En todo caso a autorización ou realización do gasto quedará subordinado ao crédito que efectivamente se autorice nos referidos orzamentos.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **11(1455).- SEGUNDO PROGRAMA PARA A ARRUMBAR MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA SOBRE A VÍA PÚBLICA, E DEMAIS ESPAZOS LIBRES QUE CONFORMAN A PAISAXE URBANA. EXPTE. 7885/307.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 11.12.15, dáse conta do informe-proposta da xefa de Patrimonio Histórico, e xefa da Área de Tenencia de Alcaldía e o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

A Concelleira delegada de Patrimonio Histórico, por resolución do 20 de novembro de 2015, inicia expediente para desenvolver o II programa para arrumar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia sobre a vía pública, e demais espazos libres que conforman a paisaxe urbana.

A Concellería de Patrimonio Histórico ten encomendada a “protección, conservación, adecentamento, difusión e fomento do Patrimonio Cultural de Vigo”.

Así, considera que é de interese municipal, realizar unha serie de actuacións cara a mellorar a imaxe urbana da cidade, e que o tratamento dos paramentos exteriores visibles dende a vía pública, contribuirá ao realce da paisaxe e do noso patrimonio.

O primeiro programa desenvolveuse nos primeiros meses do ano 2015, e contou cunha importante participación cidadá; coa colaboura de institucións educativas coma os CEIP Pintor Laxeiro, Altamar; Illas Cíes e IES Beade; así como con diferentes asociacións culturais.

O obxecto do *Segundo programa de tratamento de medianeiras, outros espazos urbanos deteriorados e outras actuacións de dinamización dos espazos públicos é o seguinte:*

–tratar con pintura ou murais decorativos as medianeiras das edificacións, isto é aquelas superficies verticais que se sitúan sobre lindeiros da parcela que non reúnen a condición de alíñación oficial e son cegas, así como aqueles paramentos exteriores cegos visibles dende a vía pública, tanto de titularidade pública como privada.

–embelecer, decorar, tratar con espresións artísticas os espazos libres de titularidade pública co fin de mellorar a paisaxe urbana.

–coa colaboración dos colexios e institutos da cidade, decorar aqueles paramentos exteriores a través da composición que un artista seleccionado pola Concellería, realice con tódolos debuxos ofrecidos polo alumnado da institucións educativa, baixo o lema “como vexo ó meu barrio”.

–durante a fase de execución dos murais desenvolver en tódala cidade unha serie de actividades artístico-culturais: talleres de pintura na rúa, tanto para nenos como para adultos, performances, proxeccións en espazos públicos da cidade de imaxes sobre tratamentos de medianeiras

noutras urbes, actividades de danza urbana ou calqueira manifestación artística con recursos plásticos, lingüísticos ou sonoros.

A finalidade da convocatoria é contribuir ao proceso de recuperación e revitalización do entorno urbano e comercial e da paisaxe urbana, a posta en valor do patrimonio da cidade, e mellorar a calidade de vida tanto dos habitantes destas zonas coma do resto de cidadáns, así como dar a coñecer e valorar a obra dos artistas urbanos.

Neste segundo programa, continuador do desenvolvido na anualidade 2015, desenvolveranse entre dez e quince actuacións, sen prexuízo doutras de menor entidade consonte ó orzamento dispoñible.

O programa estrutúrase en dúas fases: unha primeira de “Actuacións preparatorias”, na que se seleccionarán os espazos, artistas e centros educativos, e outra segunda de execución dos murais ou outras expresións artísticas. A Concellería de Patrimonio Histórico, previo asesoramento dunha Comisión técnica creada ó efecto, cursará as correspondentes invitacións ós artistas seleccionados, invitacións que se formalizarán a través da correspondente contratación, debendo o seleccionado cumprir cos requisitos que os arts 54 e seguintes TRLC esixen para contratar coa administración. A contratación estenderase a aqueles medios auxiliares necesarios para desenvolver os traballos.

O orzamento total do programa será de 150.000 euros, que se farán efectivos con cargo á partida orzamentaria correspondente ao Presuposto municipal 2016.

O prazo de execución da actuación de arrumbamento será determinado no contrato correspondente.

Na base novena, prevense causas específicas de resolución do contrato que se deberán reflectir no contrato correspondente.

Tamén se prevé a cesión ó Concello dos dereitos de explotación das obras contratadas, circunstancia que tamén deberá expresarse en cada un dos contratos.

En cantó á primeira fase, o procedemento de selección ven determinado no propio programa, e en canto a súa execución se estará ó disposto na Normativa reguladora da contratación das Corporacións locais, constituída pola Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Ley de Contratos do Sector Público, e Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei.

En todo caso non é de aplicación a Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e demais normativa reguladora das subvencións en canto o resultado da actividade de arrumbamento da escena urbá, por persoas suxeitas a dereito privado, non é de propiedade e utilización exclusiva do suxeito de dereito privado, artigo 2.3 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento de subvencións, senón que actuación conforma a paisaxe urbá, de propiedade colectiva.

O Concello é competente para desenvolve actuacións de rehabilitación da edificación, reforma interior dos barrios, mellora da súa habitabilidade, revitalización, recuperación e desenvolvemento en virtude das competencias que os artigos 25.2 e 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, atribúen ós municipios, en concreto a xestión e protección do patrimonio histórico e a promoción da cultura, así como o servizo de medio ambiente urbano.

Con data 02/12/2015, remítese á oficina de intervención municipal este INFORME – PROPOSTA para a aprobación do SEGUNDO PROGRAMA PARA ARRUMBAR MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA SOBRE A VÍA PÚBLICA, E DEMAIS ESPAZOS LIBRES QUE CONFORMAN A PAISAXE URBANA, coa finalidade de que emita informe de fiscalización, previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local.

Con data 11/12/2015, emítese informe coa seguinte conclusión:

*“A teor do contido do mesmo, o seu obxecto, finalidade, tramitación e órgano proposto para a súa aprobación, a fiscalización do expediente é de conformidade sempre que con carácter previo ao sometemento do expediente á consideración da Xunta de Goberno Local se leven a cabo as seguintes subsanacións:*

*1) Consultado o Orzamento para o exercicio de 2016 que entrará en vigor o 1 de xaneiro existe a aplicación orzamentaria 1510-210.00.00 coa denominación “Obras de mantemento medianeiras” e por importe de 230.000,00€, que está integrada na Área de Urbanismo, polo que para que o Programa poida ser xestionado por Patrimonio Histórico se require dun Decreto no que se lle encomende a xestión deste crédito para esta finalidade.*

*A aplicación orzamentaria que financia o Programa debe figurar nas Bases e no Informe-Proposta.*

*2) Se aclare a diferenza na contía do Programa que aparece nas Bases (230.000,00) e no Informe-Proposta (150.000,00).*

*Cómpre precisar que as actuacións a executar en desenvolvemento deste Programa deben levarse a cabo a través dun procedemento de contratación dos previstos no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, no que se garanta a publicidade e a concorrência, sen prexuízo de ter en conta as especialidades técnicas e artísticas dos traballos a desenvolver.*

*Ao abeiro da base 29 das de Execución do Orzamento o expediente tramítase como anticipado de gasto, polo que unha vez entre en vigor o orzamento de 2016, o expediente deberá voltar a esta Intervención para que se proceda à realización das correspondentes operacións contables.”*

Con data 16/12/2015, emítese un Decreto de Alcaldía, que se acompaña a este expediente, no que se delega na Concelleira Delegada da Área de Patrimonio Histórico, Dña. M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego, tódalas atribucións precisas para a dirección técnica e política, xestión, seguimento, tramitación e execución do Segundo programa para arrumar medianeiras e outros elementos verticais con incidencia sobre a vía pública, así como a posibilidade de utilización dos créditos existentes na partida 1510.2100000 do orzamento do ano 2016 – Obras de Mantemento de Medianeiras para este fin, a través do Servizo de Patrimonio Histórico.

En canto á aclaración solicitada sobre “a diferenza na contía do Programa que aparece nas Bases (230.000,00) e no Informe-Proposta (150.000,00)”, compre sinalar o seguinte:

O orzamento total do segundo programa de medianeiras é de 230.000 euros, con cargo á partida 1510.2100000 do orzamento do ano 2016 – Obras de Mantemento de Medianeiras -, dos que 150.000 euros serán destinados ao tratamento con pintura ou murais decorativos as medianeiras das edificacións, así como aqueles paramentos exteriores cegos visibles dende a vía pública, tanto de titularidade pública como privada, e os 80.000 euros restantes financiarán as actuacións a levar a cabo en colaboración cos colexios e institutos da cidade, así como as restantes actividades artístico-culturais: talleres de pintura na rúa, tanto para nenos como para adultos, performances, proxeccións en espazos públicos da cidade de imaxes sobre tratamentos de medianeiras noutras urbes, actividades de danza urbana ou calqueira manifestación artística con recursos plásticos, lingüísticos ou sonoros.



En consecuencia, proponse á Xunta de Goberno Local o seguinte:

APROBAR O SEGUNDO PROGRAMA PARA ARRUMBAR MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA SOBRE A VÍA PÚBLICA, E DEMAIS ESPAZOS LIBRES QUE CONFORMAN A PAISAXE URBANA.

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**12(1456).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DUN/DUNHA SUBALTERNO/A, BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ART. 10.1.D) DO R.D. LEXISLATIVO 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO, POLO QUE SE APROBA O TRLEBEP, POR UN PRAZO MÁXIMO DE SEIS MESES, PARA O SERVIZO DE BIBLIOTECAS. EXPTE. 27360/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 18/12/15, dáse conta do informe-proposta de data 10/12/15, do técnico de Organización e Planificación de RR HH, conformado pola xefa do servizo e polo concelleiro-delegado de área que di o seguinte:

*“Antecedentes:*

*Con data 23 de outubro de 2015, o Xefe de Cultura e Bibliotecas, coa conformidade do Xefe Servizo de Xestión e Promoción Cultural e do Concelleiro-delegado da Área de Cultura, remite oficio manifestando a urxente necesidade de proceder ao nomeamento interino por acumulación de tarefas de persoal subalterno, que permita desenvolver as funcións de portería e atención ao público en xornada de luns a sábado, na Casa Galega da Cultura, tales como a apertura e peche da instalación, atención ao público e, vixilancia e control de accesos, etc.*

*O concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a través de instrución de servizo de data 27 de novembro de 2015, prestou conformidade a referida proposta, autorizando o urxente nomeamento interino dun/dunha subalterno/a por acumulación de tarefas, de conformidade co disposto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Cultura e Bibliotecas, nos termos da solicitude da seu Xefe do Servizo e conforme do correspondente concelleiro-delegado de data 23 de outubro anterior.*

*En execución da última oferta de emprego público deste Concello tiveron lugar as probas selectivas para a cobertura como funcionarios/as de carreira de once prazas de Subalterno/a de Administración Xeral, pola quenda libre, figurando na acta do tribunal de data 11 de xaneiro de 2012 a correspondente proposta de nomeamento, tomando posesión da súa praza como funcionarios/as de carreira con data 1 de febreiro de 2012, tralo nomeamento pola Xunta de Goberno Local de 27 de xaneiro anterior. Na referida proposta do Órgano de Selección, figura a relación dos/as 44 aspirantes que a efectos do previsto no artigo 61.8 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, (na*

*actualidade no mesmo artigo do Texto Refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público -EBEP-), tendo superadas todas e cada unha das probas de que constou a oposición, e, de conformidade coas bases xerais da convocatoria pasen a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados/as ou contratadas como persoal interino ou laboral.*

*Segundo estritamente a orde da lista a que se refire o parágrafo anterior e consultados os datos obrantes neste Servizo, corresponde o nomeamento como subalterna da aspirante que figura na posición núm. 19-Dª. MARIA ANTONIA GONZÁLEZ PEINADO, DNI 36.124.789-T, que aceptou expresamente o mesmo e acreditou neste Servizo de Recursos Humanos todas e cada un dos requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.*

*Significar que os/as aspirantes que figuran nas posicións 1, 2, 4, 5, 7, 8, 9, 11, 12, 14 e 15 atópanse na actualidade prestando servizos neste Concello con ocasión da aprobación pola Xunta de Goberno Local dos expedientes 26916/220, 25765/220, 27305/220 e, 27234/220. Así mesmo, as aspirantes que figuran nos postos núms. 3 e 10 ocupan as últimas posicións na lista ao ter renunciado voluntariamente nun anterior expediente e, a aspirante núm. 6 da lista, atópase fora da mesma por ter renunciado en dúas ocasións a posibilidade de ser nomeada. A aspirante que figura na posición 13 atópase en situación de servizo activo prestando servizos na actualidade como auxiliar administrativa no Servizo de Benestar Social, expte. 26504/220, aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 29/04/2015. Por último, as aspirantes núms. 16, 17 e 18 renunciaron nunha primeira ocasión a posibilidade de ser nomeadas, polo que pasan a ocupar os derradeiros postos na lista.*

*En consecuencia, consultados os datos obrantes no programa informático de xestión de persoal, verifícase que corresponde o nomeamento da aspirante núm. 19 proposta, tendo en conta que a mesma leva mais de seis meses dende que finalizou o seu último nomeamento interino por acumulación de tarefas (art. 10.1.d) do RD Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, texto refundido da lei do EBEP, como subalterna, expte. 25782/220, aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 07/11/14, rematando o mesmo en data 09/05/2015, polo que dende o 10/11/15 xa está en condicións de ser novamente nomeada.*

*A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 3 de marzo de 2008, aprobou acordo relativo a aprobación das normas reguladoras do funcionamento das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo.*

*A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 24 de abril de 2009, modificou o artigo 3 das "Normas Reguladoras do funcionamento das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo", publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, nº 70, do venres 11, en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento e Interpretación en sesión celebrada o 7 de abril de 2009, engadindo á dita previsión o seguinte parágrafo:*

*"Cando se proceda á provisión con carácter interino dunha praza vacante ao abeiro do disposto no artigo 10.1, apartado a) da Lei 7/2007, do 12 de abril, (na actualidade R.D. Lexislativo 5/2015), efectuarase o chamamento á primeira persoal da lista de reserva, incluíndo ás que se atopen prestando servizos no Concello de Vigo nalgunha das modalidades contempladas nos apartados b), c) ou d) do citado artigo 10 do EBEP, na actualidade RD Lexislativo 5/2015. Así mesmo, acordouse engadir ao artigo 2 (Dereitos das persoas en listas de reserva) a seguinte previsión:*

*“Nos supostos nos que, por motivos de urxencia e necesidade debidamente xustificadas polo Servizo correspondente, resulte necesario recorrer a contratación en réxime laboral temporal de efectivos, poderase recorrer as persoas integrantes das listas de reserva, sempre que o seu perfil se adecúe ás categorías profesionais ofertadas e previa a aceptación expresa e manifestada por escrito dos aspirantes reservistas”.*

*O Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público, no artigo 10, apartado 1, establece que son funcionarios interinos os que, por razóns xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionario de carreira, cando se de algunha das circunstancias previstas no artigo 10 do referido R.D. Legislativo. De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.*

*O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do referido Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, cando finalice a causa que deu lugar o seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.*

*Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ó corpo ó que pertenza a vacante (posto cód. 155-ordenanza/porteiro/a da RPT vixente), da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.*

*Así mesmo, a Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa («B.O.E.» 17 setembro) que modificou o E.B.E.P, establecía na súa Disposición transitoria novena que “el personal interino cuya designación sea consecuencia de la ejecución de programas de carácter temporal o del exceso o acumulación de tareas por plazo máximo de seis meses, dentro de un período de doce meses, podrá prestar los servicios que se le encomienden en la unidad administrativa en la que se produzca su nombramiento o en otras unidades administrativas en las que desempeñe funciones análogas, siempre que, respectivamente, dichas unidades participen en el ámbito de aplicación del citado programa de carácter temporal, con el límite de duración señalado en este artículo, o estén afectadas por la mencionada acumulación de tareas”. A referida norma foi derogada coa entrada en vigor do RD. Legislativo 5/2015, do Texto Refundido da Lei do EBEP, que no seu artigo 10.6 establece que dito persoal interino poderá desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.*

*De conformidade co disposto no apartado “Outras disposicións comúns” das bases xerais publicadas no BOP de 19 de xullo de 2010, e DOGA de 17 de novembro seguinte, referentes á oferta de emprego público do ano 2008, “os candidatos que non tendo superado o proceso selectivo aprobasen tódalas probas da fase de oposición para ingreso nos correspondentes grupos, corpos, escalas, formarán parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados ou contratados como persoal interino ou laboral.*

Consecuentemente, dáse cumprimento aos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade na convocatoria para proceder ó nomeamentos propostos en réxime de interinidade por acumulación de tarefas, xa que os citados candidatos superaron os exercicios da correspondente oposición para a cobertura en réxime laboral fixo de prazas de axudantes de oficios na última convocatoria pública.

Asemade, e segundo o disposto na Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015 e, en igual senso o disposto na lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o vindeiro ano 2016, dispón nos seus artigos 21.Dous e 20.Dous, respectivamente, que durante o ano 2015 e, 2016, non se procederá a contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de persoal estatutario, temporal ou de funcionarios interinos, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, como e o caso.

A este respecto, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 20 de xuño de 2014, aprobou as Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, derivadas da aplicación das previsións contidas na Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, da Lei 5/2014, do 27 de maio e, da Lei 22/2013 de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2014, contemplándose o seguinte:

En cumprimento do establecido na LPGE 2014, durante o presente exercicio non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento funcionarios/as interinos, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios, ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

Defínense como servizos e sectores prioritarios no Concello de Vigo a tal efecto os seguintes:

1.- Servizos cuxo ámbito funcional se corresponde co listado de competencias propias dos concellos, contemplado na nova redacción do artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro:

“O Municipio exercerá en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:

a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística. Protección e xestión do patrimonio histórico. Promoción e xestión da vivenda de protección pública con criterios de sustentabilidade financeira. Conservación e rehabilitación da edificación.

b) Medio ambiente urbano: en particular, parques e xardíns públicos, xestión dos residuos sólidos urbanos e protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas.

c) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais.

d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

e) *Avaliación e información, de situacións de necesidade social, e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.*

f) *Policía local, protección civil, prevención e extinción de incendios.*

g) *Tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade. Transporte colectivo urbano.*

h) *Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.*

i) *Feiras, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante.*

j) *Protección da salubridade pública.*

k) *Cemiterios e actividades funerarias.*

l) *Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.*

m) *Promoción da cultura e equipamentos culturais.*

n) *Participar na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria, e cooperar coas Administracións educativas correspondentes na obtención dos solares necesarios para a construción de novos centros docentes. A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial.*

ñ) *Promoción no seu termo municipal da participación dos cidadáns no uso eficiente e sostible das tecnoloxías da información e das comunicacións”.*

2.- *Servizos que incidan directamente dentro do ámbito dos servizos obrigatorios contemplados no artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro:*

*Os Municipios deberán prestar, en todo caso, os servizos seguintes:*

*–En todos os Municipios: Alumeado público, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, alcantarillado, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas.*

*–Nos Municipios con poboación superior a 5.000 habitantes, ademais: Parque público, biblioteca pública, mercado e tratamento de residuos.*

*–Nos Municipios con poboación superior a 20.000 habitantes, ademais: Protección civil, avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social, prevención e extinción de incendios e instalacións deportivas de uso público.*

*–Nos Municipios con poboación superior a 50.000 habitantes, ademais: Transporte colectivo urbano de viaxeiros e medio ambiente urbano”.*

*O recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables,*

restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados anteriormente como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

3.- Fora do listado competencial exposto, e dentro do actual marco legal de restrición no exercicio das competencias municipais, unicamente poderán ser reforzados aqueles servizos internos ou centrais, de carácter transversal, cuxa actividade permanente resulta imprescindible para o adecuado funcionamento interno dos órganos de goberno, xestión económica e tributaria municipal, tecnoloxías da información e comunicación (TICs), exercicio de funcións reservadas a funcionarios con habilitación de carácter estatal e/ ou órganos directivos municipais; sectores concretados en:

- Secretaría Xeral (Pleno, Xunta de Goberno Local e Administración Municipal).
- Intervención Xeral Municipal.
- Titularidade da Asesoría Xurídica Municipal.
- Servizos económicos (Tesourería Municipal e Área de Ingresos)
- Servizos Xurídicos municipais: Servizo do Contencioso e Servizo de Recursos e Asesoramento da Asesoría Xurídica Municipal.
- Área de Réxime Interior e servizos ou unidades dependentes.
- Recursos Humanos.
- Administración Electrónica.

O recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados anteriormente como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

4.- O Concello de Vigo poderá determinar outros sectores ou servizos de carácter prioritario dentro da organización municipal aos efectos do previsto no presente apartado, sempre en tanto as Administracións Públicas competentes, previa a tramitación legal que proceda, autoricen o exercicio de competencias distintas das propias ou o exercicio de competencias delegadas, nos termos do previsto no marco legal vixente e sempre que se acredite o cumprimento dos requisitos previstos neste.

En canto ao exercicio de competencias distintas das propias e das delegadas, estarase ao establecido na Instrución 1/2014, da Intervención Xeral Municipal, resultando de aplicación o disposto no artigo 3.3 da Lei 5/2014, de 27 de maio, que dispón que non se entenderá como exercicio de novas competencias:

- a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.
- b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.
- c) A modificación da regulamentación dos servizos ou das súas modalidades cando non leve consigo a realización de novas actividades prestacionais”.

Trátase polo tanto dunha competencia recollida no apartado 3º das referidas Instrucións, xa que se trata dun servizo interno ou central, de carácter transversal cuxa actividade permanente resulta imprescindible para o adecuado funcionamento interno das dependencias municipais, o que se fai constar, segundo o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas nas anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 20 de xuño pasado, a propósito da clarificación das competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación, considerándose como servizo público esencial, informándose en consecuencia favorablemente ao referido nomeamento, tendo en conta a minoración que supón nos créditos correspondentes a postos vacantes.

A urxencia do nomeamento proposto queda acreditada no escrito de petición asinado polo Xefe de Cultura e Bibliotecas, coa conformidade do Xefe Servizo de Xestión e Promoción Cultural e do Concelleiro-delegado da Área de Cultura, de data 23 de outubro pasado, que obra no expediente.

O importe do custe de dito nomeamento, para acomete-lo gasto proposto durante un período de seis meses ascende a un total de 10.341,70€ (desta cantidade 1.709,35€ se corresponde ao presente exercicio orzamentario 2015 e, 8.632,35€ ao vindeiro exercicio 2016), ao que haberá que engadirse a cantidade de 3.932,25€ en concepto de Seguridade Social a cargo do Concello, e imputaríase con cargo a partida 920.0.1400000 "outras modalidades de contratacións temporais", prevista no vixente orzamento prorrogado para o ano 2015, dentro do Capítulo I de gastos.

Á vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local e, previo o preceptivo informe de fiscalización da existencia de consignación presupostaria que pola Intervención Xeral se emita, polo técnico de organización que subscribe, coa conformidade da Xefa do Servizo de Recursos Humanos, elévase a seguinte:

#### PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro.- Declara-la urxencia no nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas, como Subalterno/a, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Cultura e Bibliotecas, nos termos da solicitude da seu Xefe do Servizo e conforme do correspondente concelleiro-delegado de data 23 de outubro anterior e, en consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de 10.341,70€, con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte ao referido nomeamento.

Segundo.- Nomear como funcionaria interina por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, a D<sup>a</sup>. MARIA ANTONIA GONZÁLEZ PEINADO, DNI 36.124.789-T,, seguinte aspirante que superou tódolos exercicios da oposición na última convocatoria para

a provisión de prazas de Subalterno/a, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2008, de conformidade coas bases xerais da mesma.

Terceiro.- Dispoñer que o referido nomeamento farase de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da lei do do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 155, ordenanza-porteiro/a, sendo adscrita ao Servizo de Bibliotecas (cód. 334.), sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do R.D. Lexislativo 5/2015, do Texto Refundido da Lei do EBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

Cuarto.- A xornada laboral da traballadora nomeada desenvolverase de luns a sábado, en xornada continua, en horario de mañá e tarde, segundo ás necesidades do Servizo que garantan ós seus períodos de descanso regulamentarios.”

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**13(1457).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DUN/DUNHA SUBALTERNO/A, BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ART. 10.1.D) DO R.D. LEXISLATIVO 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO, POLO QUE SE APROBA O TRLEBEP, POR UN PRAZO MÁXIMO DE SEIS MESES, PARA O SERVIZO DE MUSEOS. EXPTE. 27364/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 18/12/15, dáse conta do informe-proposta de data 10/12/15, do técnico de Organización e Planificación de RR HH, conformado pola xefa do servizo e polo concelleiro-delegado de área que di o seguinte:

“Antecedentes:

Con data 05 de maio de 2015, o Director do Museo “Quiñones de León”, que conta coa conformidade do Xefe de Museos e do Xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, remite oficio manifestando a urxente necesidade de proceder ao nomeamento interino por acumulación de tarefas de persoal subalterno, que permita a atención deste equipamento cultural e que implica a vixilancia do mesmo e o control dos seus accesos, tratándose de tarefas imprescindibles para o normal desenvolvemento das súas actividades e a conseguinte información e atención aos cidadáns.

O concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a través de instrución de servizo de data 30 de novembro de 2015, prestou conformidade a referida proposta, autorizando o



*urxente nomeamento interino dun/dunha subalterno/a por acumulación de tarefas, de conformidade co disposto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Museos, nos termos da solicitude do seu Director e conforme do correspondente Xefe de Servizo e Xefe de Xestión e Promoción Cultural de data 05 de maio de 2015.*

*En execución da última oferta de emprego público deste Concello tiveron lugar as probas selectivas para a cobertura como funcionarios/as de carreira de once prazas de Subalterno/a de Administración Xeral, pola quenda libre, figurando na acta do tribunal de data 11 de xaneiro de 2012 a correspondente proposta de nomeamento, tomando posesión da súa praza como funcionarios/as de carreira con data 1 de febreiro de 2012, tralo nomeamento pola Xunta de Goberno Local de 27 de xaneiro anterior. Na referida proposta do Órgano de Selección, figura a relación dos/as 44 aspirantes que a efectos do previsto no artigo 61.8 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, (na actualidade no mesmo artigo do Texto Refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Publico -EBEP-), tendo superadas todas e cada unha das probas de que constou a oposición, e, de conformidade coas bases xerais da convocatoria pasen a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados/as ou contratadas como persoal interino ou laboral.*

*Seguindo estritamente a orde da lista a que se refire o parágrafo anterior e consultados os datos obrantes neste Servizo, corresponde o nomeamento como subalterna da aspirante que figura na posición núm. 36-GÓMEZ YÁÑEZ, MIRIAM, DNI 36.160.166-A, que aceptou expresamente o mesmo e acreditou neste Servizo de Recursos Humanos todas e cada un dos requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.*

*Significar que os/as aspirantes que figuran nas posicións 1, 2, 4, 5, 7, 8, 9, 11, 12, 14 e 15 atópanse na actualidade prestando servizos neste Concello con ocasión da aprobación pola Xunta de Goberno Local dos expedientes 26916/220, 25765/220, 27305/220 e, 27234/220. Así mesmo, as aspirantes que figuran nos postos núms. 3 e 10 ocupan as últimas posicións na lista ao ter renunciado voluntariamente nun anterior expediente e, a aspirante núm. 6 da lista, atópase fora da mesma por ter renunciado en dúas ocasións a posibilidade de ser nomeada, ao igual que a aspirante núm. 29 que conta coa condición de funcionaria de carreira noutra Administración. A aspirante que figura na posición 13 atópase en situación de servizo activo prestando servizos na actualidade como auxiliar administrativa no Servizo de Benestar Social, expte. 26504/220, aprobado pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de 29/04/2015. Por último, as aspirantes núms. 16, 17 e 18 renunciaron nunha primeira ocasión a posibilidade de ser nomeadas, polo que pasan a ocupar os últimos postos na lista. A aspirante que figura na posición núm. 19 figura proposta no expediente 27360/220 para o Servizo de Bibliotecas. As aspirantes que figuran nas posicións 20, 22 e 26, foron nomeados con ocasión da aprobación do expediente 25952/220 pola Xunta de Goberno local na súa sesión de 22/12/14, tomando posesión en data 29/12/2014 e rematando en data 28/06/2015, polo que ata o 29/12/2015 non están en condicións de ser novamente nomeados/as. Igualmente, os aspirantes núms. 23, 28 e 31, foron nomeados con ocasión da aprobación do expediente 26242/220 pola Xunta de Goberno local na súa sesión de 27/02/15, tomando posesión en data 02/03/2015 e rematando en data 01/09/2015, polo que ata o 02/03/2016 non están en condicións de ser novamente nomeados/as.*

Así mesmo, as aspirantes que figuran nos postos 21, 24, 25 e, 30 presentaron unha renuncia anterior, polo que se atopan nos últimos postos na lista.

Os aspirantes núms. 27 e 32 foron nomeados con ocasión da aprobación do expte. 26564/220 pola Xunta de Goberno Local de data 15/05/15, tomando posesión en data 18/05/15, e rematando en data 17/11/2015, polo que ata o 18/05/2016 non están en condicións de ser novamente nomeados.

Así mesmo, a aspirante núm. 33-Prieto Collazo, Ruth, foi nomeada pola Xunta de Goberno Local de data 12/12/2014, expte. 25946/220, tomando posesión en data 17/12/14, e rematando o seu nomeamento en data 16/06/15, polo que o 17/12/2015, data da sinatura da instrucción de servizo que iniciou este expediente, 30/11/2015, non estaba en condicións de ser novamente nomeada. A aspirante núm. 34, Romero-Gil Delgado, Patricia, foi nomeada con ocasión da aprobación pola Xunta de Goberno Local de data 15/05/2015 do expediente 26579/220, polo que se atopa prestando servizos de subalterna dende o pasado 20/05/2015, rematando o mesmo en data 19/11/2015, polo que aínda non está en condicións de ser novamente nomeada.

Por último, a aspirante que figura na posición núm. 35, atópase na actualidade en servizo activo neste Concello dende o 24/11/2015, prestando servizos no Servizo de Patrimonio Histórico con ocasión da aprobación pola Xunta de Goberno Local do expediente 27192/220,

En consecuencia, consultados os datos obrantes no programa informático de xestión de persoal, verifícase que a aspirante proposta núm. 36-D<sup>a</sup>. Miriam Gómez Yáñez, nunca prestou servizos neste Concello polo que está en condicións de ser nomeada.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 3 de marzo de 2008, aprobou acordo relativo a aprobación das normas reguladoras do funcionamento das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 24 de abril de 2009, modificou o artigo 3 das "Normas Reguladoras do funcionamento das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo", publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, nº 70, do venres 11, en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento e Interpretación en sesión celebrada o 7 de abril de 2009, engadindo á dita previsión o seguinte parágrafo:

"Cando se proceda á provisión con carácter interino dunha praza vacante ao abeiro do disposto no artigo 10.1, apartado a) da Lei 7/2007, do 12 de abril, (na actualidade R.D. Lexislativo 5/2015), efectuarase o chamamento á primeira persoal da lista de reserva, incluíndo ás que se atopen prestando servizos no Concello de Vigo nalgunha das modalidades contempladas nos apartados b), c) ou d) do citado artigo 10 do EBEP, na actualidade RD Lexislativo 5/2015. Así mesmo, acordouse engadir ao artigo 2 (Dereitos das persoas en listas de reserva) a seguinte previsión:

"Nos supostos nos que, por motivos de urxencia e necesidade debidamente xustificadas polo Servizo correspondente, resulte necesario recorrer a contratación en réxime laboral temporal de efectivos, poderase recorrer as persoas integrantes das listas de reserva, sempre que o seu perfil se adecúe ás categorías profesionais ofertadas e previa a aceptación expresa e manifestada por escrito dos aspirantes reservistas".

*O Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público, no artigo 10, apartado 1, establece que son funcionarios interinos os que, por razóns xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionario de carreira, cando se de algunha das circunstancias previstas no artigo 10 do referido R.D. Legislativo. De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.*

*O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do referido Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, cando finalice a causa que deu lugar o seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.*

*Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ó corpo ó que pertenza a vacante (posto cód. 155-ordenanza/porteiro/a da RPT vixente), da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.*

*Así mesmo, a Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa («B.O.E.» 17 setembro) que modificou o E.B.E.P, establecía na súa Disposición transitoria novena que “el personal interino cuya designación sea consecuencia de la ejecución de programas de carácter temporal o del exceso o acumulación de tareas por plazo máximo de seis meses, dentro de un período de doce meses, podrá prestar los servicios que se le encomienden en la unidad administrativa en la que se produzca su nombramiento o en otras unidades administrativas en las que desempeñe funciones análogas, siempre que, respectivamente, dichas unidades participen en el ámbito de aplicación del citado programa de carácter temporal, con el límite de duración señalado en este artículo, o estén afectadas por la mencionada acumulación de tareas”. A referida norma foi derogada coa entrada en vigor do RD. Legislativo 5/2015, do Texto Refundido da Lei do EBEP, que no seu artigo 10.6 establece que dito persoal interino poderá desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.*

*De conformidade co disposto no apartado “Outras disposicións comúns” das bases xerais publicadas no BOP de 19 de xullo de 2010, e DOGA de 17 de novembro seguinte, referentes á oferta de emprego público do ano 2008, “os candidatos que non tendo superado o proceso selectivo aprobasen tódalas probas da fase de oposición para ingreso nos correspondentes grupos, corpos, escalas, formarán parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados ou contratados como persoal interino ou laboral.*

*Consecuentemente, dáse cumprimento aos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade na convocatoria para proceder ó nomeamentos propostos en réxime de interinidade por acumulación de tarefas, xa que os citados candidatos superaron os exercicios da correspondente oposición para a cobertura en réxime laboral fixo de prazas de axudantes de oficios na última convocatoria pública.*

*Asemade, e segundo o disposto na Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015 e, en igual senso o disposto na lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o vindeiro ano 2016, dispón nos seus artigos 21.Dous e 20.Dous, respectivamente, que durante o ano 2015 e, 2016, non se procederá a contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de persoal estatutario, temporal ou de funcionarios interinos, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, como e o caso.*

*A este respecto, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 20 de xuño de 2014, aprobou as Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, derivadas da aplicación das previsións contidas na Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, da Lei 5/2014, do 27 de maio e, da Lei 22/2013 de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2014, contemplándose o seguinte:*

*En cumprimento do establecido na LPGE 2014, durante o presente exercicio non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento funcionarios/as interinos, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios, ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.*

*Defínense como servizos e sectores prioritarios no Concello de Vigo a tal efecto os seguintes:*

*1.- Servizos cuxo ámbito funcional se corresponde co listado de competencias propias dos concellos, contemplado na nova redacción do artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro:*

*“O Municipio exercerá en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:*

*a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística. Protección e xestión do patrimonio histórico. Promoción e xestión da vivenda de protección pública con criterios de sustentabilidade financeira. Conservación e rehabilitación da edificación.*

*b) Medio ambiente urbano: en particular, parques e xardíns públicos, xestión dos residuos sólidos urbanos e protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas.*

*c) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais.*

*d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.*

*e) Avaliación e información, de situacións de necesidade social, e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.*

*f) Policía local, protección civil, prevención e extinción de incendios.*

- g) *Tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade. Transporte colectivo urbano.*
- h) *Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.*
- i) *Feiras, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante.*
- j) *Protección da salubridade pública.*
- k) *Cemiterios e actividades funerarias.*
- l) *Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.*
- m) *Promoción da cultura e equipamentos culturais.*
- n) *Participar na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria, e cooperar coas Administracións educativas correspondentes na obtención dos solares necesarios para a construción de novos centros docentes. A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial.*
- ñ) *Promoción no seu termo municipal da participación dos cidadáns no uso eficiente e sostible das tecnoloxías da información e das comunicacións”.*

2.- *Servizos que incidan directamente dentro do ámbito dos servizos obrigatorios contemplados no artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro:*

*Os Municipios deberán prestar, en todo caso, os servizos seguintes:*

*–En todos os Municipios: Alumeado público, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, alcantarillado, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas.*

*–Nos Municipios con poboación superior a 5.000 habitantes, ademais: Parque público, biblioteca pública, mercado e tratamento de residuos.*

*–Nos Municipios con poboación superior a 20.000 habitantes, ademais: Protección civil, avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social, prevención e extinción de incendios e instalacións deportivas de uso público.*

*–Nos Municipios con poboación superior a 50.000 habitantes, ademais: Transporte colectivo urbano de viaxeiros e medio ambiente urbano”.*

*O recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados anteriormente como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión*

*de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.*

*3.- Fora do listado competencial exposto, e dentro do actual marco legal de restrición no exercicio das competencias municipais, unicamente poderán ser reforzados aqueles servizos internos ou centrais, de carácter transversal, cuxa actividade permanente resulta imprescindible para o adecuado funcionamento interno dos órganos de goberno, xestión económica e tributaria municipal, tecnoloxías da información e comunicación (TICs), exercicio de funcións reservadas a funcionarios con habilitación de carácter estatal e/ ou órganos directivos municipais; sectores concretados en:*

- Secretaría Xeral (Pleno, Xunta de Goberno Local e Administración Municipal).*
- Intervención Xeral Municipal.*
- Titularidade da Asesoría Xurídica Municipal.*
- Servizos económicos (Tesourería Municipal e Área de Ingresos)*
- Servizos Xurídicos municipais: Servizo do Contencioso e Servizo de Recursos e Asesoramento da Asesoría Xurídica Municipal.*
- Área de Réxime Interior e servizos ou unidades dependentes.*
- Recursos Humanos.*
- Administración Electrónica.*

*O recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados anteriormente como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.*

*4.- O Concello de Vigo poderá determinar outros sectores ou servizos de carácter prioritario dentro da organización municipal aos efectos do previsto no presente apartado, sempre en tanto as Administracións Públicas competentes, previa a tramitación legal que proceda, autoricen o exercicio de competencias distintas das propias ou o exercicio de competencias delegadas, nos termos do previsto no marco legal vixente e sempre que se acredite o cumprimento dos requisitos previstos neste.*

*En canto ao exercicio de competencias distintas das propias e das delegadas, estarase ao establecido na Instrución 1/2014, da Intervención Xeral Municipal, resultando de aplicación o disposto no artigo 3.3 da Lei 5/2014, de 27 de maio, que dispón que non se entenderá como exercicio de novas competencias:*

- a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.*
- b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.*
- c) A modificación da regulamentación dos servizos ou das súas modalidades cando non leve consigo a realización de novas actividades prestacionais”.*

*Trátase polo tanto dunha competencia recollida no apartado 3º das referidas Instrucións, xa que se trata dun servizo interno ou central, de carácter transversal cuxa actividade permanente resulta imprescindible para o adecuado funcionamento interno das dependencias municipais, o que se fai constar, segundo o disposto na Lei 5/2014, de 27 de*

maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas nas anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 20 de xuño pasado, a propósito da clarificación das competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación, considerándose como servizo público esencial, informándose en consecuencia favorablemente ao referido nomeamento, tendo en conta a minoración que supón nos créditos correspondentes a postos vacantes.

A urxencia do nomeamento proposto queda acreditada no escrito de petición asinado polo Director do Museo "Quiñones de León", que conta coa conformidade do Xefe de Museos e do Xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, de data 05 de maio de 2015, que obra no expediente.

O importe do custe de dito nomeamento, para acomete-lo gasto proposto durante un período de seis meses ascende a un total de 10.350,27€ (desta cantidade 854,68€ se corresponde ao presente exercicio orzamentario 2015 e, 9.495,59€ ao vindeiro exercicio 2016), ao que haberá que engadirse a cantidade de 3.932,25€ en concepto de Seguridade Social a cargo do Concello, e imputaríase con cargo a partida 920.0.1400000 "outras modalidades de contratacións temporais", prevista no vixente orzamento prorrogado para o ano 2015, dentro do Capítulo I de gastos.

Á vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local e, previo o preceptivo informe de fiscalización da existencia de consignación presupostaria que pola Intervención Xeral se emita, polo técnico de organización que subscribe, coa conformidade da Xefa do Servizo de Recursos Humanos, elévase a seguinte:

#### PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro.- Declara-la urxencia no nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas, como Subalerno/a, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Museos, nos termos da solicitude do Director do Museo Quiñones de León e do Xefe de Museos e conforme do Xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural de data 05 de maio de 2015 e, en consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de 10.350,27€, con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte ao referido nomeamento.

Segundo.- Nomear como funcionaria interina por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, a D<sup>a</sup>. MIRIAM GÓMEZ YÁÑEZ, DNI 36.160.166-A, seguinte aspirante que superou tódolos exercicios da oposición na última convocatoria para a provisión de prazas de Subalerno/a, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2008, de conformidade coas bases xerais da mesma.

Terceiro.- Dispoñer que o referido nomeamento farase de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto

*Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 155, ordenanza-porteiro/a, sendo adscrita ao Servizo de Museos (cód. 014), sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do R.D. Lexislativo 5/2015, do Texto Refundido da Lei do EBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.*

*Cuarto.- A xornada laboral da traballadora nomeada desenvolverase de luns a sábado, en xornada continua, en horario de mañá e tarde, segundo ás necesidades do Servizo que garantan ós seus períodos de descanso regulamentarios.”.*

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**14(1458).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DUN/DUNHA ADMINISTRATIVO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL, BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ART. 10.1.D) DO R.D. LEXISLATIVO 5/2015, DO 30 DE OUTUBRO, POLO QUE SE APROBA O TRLEBEP, POR UN PRAZO MÁXIMO DE SEIS MESES, PARA O SERVIZO DE ASESORÍA XURÍDICA. EXPTE. NÚM.: 27412/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 18/12/15, dáse conta do informe-proposta de data 10/12/15, do técnico de Organización e Planificación de RR HH, conformado pola xefa do servizo e polo concelleiro-delegado de área que di o seguinte:

*Antecedentes:*

*Con data 21 de outubro de 2015, a Titular da Asesoría Xurídica solicita o nomeamento urxente de persoal administrativo que posibilite cubrir as tarefas da Oficina administrativa e dar cobertura a actual carga de traballo existente na mesma, ao que hai que engadir a baixa por enfermidade da administrativa adscrita ao referido servizo, así como a vindeira finalización do nomeamento interino por acumulación de tarefas do auxiliar e a existencia dunha vacante de auxiliar administrativo no mesmo.*

*O concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, a través de instrución de servizo de data 10 de decembro actual, prestou conformidade á referida proposta, autorizando o urxente nomeamento interino dun/dunha administrativo/a de administración xeral por acumulación de tarefas, previsto no artigo 10.1.d). do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades da Asesoría Xurídica Municipal, nos termos da solicitude da súa Titular referenciada, das listas de substitución existentes da última convocatoria de persoal auxiliar correspondente a oferta de emprego público*



*executada ou, de non existir candidatos/as suficientes, da lista resultante da Bolsa de Emprego de Auxiliares Administrativos/as formada por acordo da Xunta de Goberno Local en data 13/03/2015.*

*En execución da última oferta de emprego público deste Concello tiveron lugar as probas selectivas para a cobertura como funcionarios/as de carreira de trece prazas de Administrativo/a de Administración Xeral, doce pola quenda de promoción interna e unha pola quenda libre, figurando na acta do tribunal de data 01 de agosto de 2013 a correspondente proposta de nomeamento, tomando posesión da súa praza como funcionaria de carreira con data 11 de febreiro de 2014, tralo nomeamento pola Xunta de Goberno Local de 31 de xaneiro anterior. Na referida proposta do Órgano de Selección, figura a relación dos 48 aspirantes que a efectos do previsto no artigo 61.8 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, tendo superadas todas e cada unha das probas de que constou a oposición, e, de conformidade coas bases xerais da convocatoria pasen a formar parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados/as ou contratadas como persoal interino ou laboral.*

*Seguindo estritamente a orde da lista a que se refire o parágrafo anterior, e consultados os datos que constan neste Servizo, corresponde o nomeamento como administrativo de administración xeral do aspirante núm. 3 da lista D. VÍCTOR MANUEL MARTÍNEZ COUTO, DNI 76.991.699-G, que aceptou expresamente o mesmo, significando así mesmo que o interesado acreditou neste Servizo de Recursos Humanos todas e cada un dos requisitos e demais condicións para o desempeño da praza.*

*Significar que a aspirante que figura na primeira posición da lista presta servizos na actualidade neste Concello, ao ter sido nomeada con ocasión da aprobación do expediente 26916/220, aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 28/08/15, polo que se atopa en situación de servizo activo.*

*A aspirante que figura na posición núm. 2 atópase fora da lista ao ter renunciado en dúas ocasións por ter a condición de funcionaria de carreira noutra administración. Así mesmo, a aspirante que figura na posición núm. 4, figura ao final da lista por renuncia con ocasión da aprobación do expediente 25308/220. A aspirante que figura na posición núm. 5 foi nomeada por resolución da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 27/10/2015 como administrativa, tomando posesión o 03/11/2015, polo que se atopa en servizo activo.*

*Consultados os datos que constan no programa informático de xestión de persoal, verifícase que o aspirante proposto D. VÍCTOR MANUEL MARTÍNEZ COUTO, DNI 76.991.699-G, nunca prestou servizos neste Concello polo que está en condicións de ser nomeado.*

*A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 3 de marzo de 2008, aprobou acordo relativo a aprobación das normas reguladoras do funcionamento das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo.*

*A Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 24 de abril de 2009, modificou o artigo 3 das "Normas Reguladoras do funcionamento das listas de reserva derivadas da execución das ofertas de emprego público do Concello de Vigo", publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, nº 70, do venres 11, en cumprimento do acordado pola Comisión*

de Seguimento e Interpretación en sesión celebrada o 7 de abril de 2009, engadindo á dita previsión o seguinte parágrafo:

*“Cando se proceda á provisión con carácter interino dunha praza vacante ao abeiro do disposto no artigo 10.1, apartado a) da Lei 7/2007, do 12 de abril, (na actualidade R.D. Lexislativo 5/2015), efectuarase o chamamento á primeira persoal da lista de reserva, incluíndo ás que se atopen prestando servizos no Concello de Vigo nalgunha das modalidades contempladas nos apartados b), c) ou d) do citado artigo 10 do EBEP, na actualidade RD Lexislativo 5/2015. Así mesmo, acordouse engadir ao artigo 2 (Dereitos das persoas en listas de reserva) a seguinte previsión:*

*“Nos supostos nos que, por motivos de urxencia e necesidade debidamente xustificadas polo Servizo correspondente, resulte necesario recorrer a contratación en réxime laboral temporal de efectivos, poderase recorrer as persoas integrantes das listas de reserva, sempre que o seu perfil se adecúe ás categorías profesionais ofertadas e previa a aceptación expresa e manifestada por escrito dos aspirantes reservistas”.*

*O Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público, no artigo 10, apartado 1, establece que son funcionarios interinos os que, por razóns xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados como tales para o desempeño de funcións propias de funcionario de carreira, cando se de algunha das circunstancias previstas no artigo 10 do referido R.D. Lexislativo. De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.*

*O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do referido Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, cando finalice a causa que deu lugar o seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.*

*Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ó corpo ó que pertenza a vacante (posto cód. 105-Administrativo/a da RPT vixente), da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.*

*Así mesmo, a Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa («B.O.E.» 17 setembro) que modificou o E.B.E.P, establecía na súa Disposición transitoria novena que “el personal interino cuya designación sea consecuencia de la ejecución de programas de carácter temporal o del exceso o acumulación de tareas por plazo máximo de seis meses, dentro de un período de doce meses, podrá prestar los servicios que se le encomienden en la unidad administrativa en la que se produzca su nombramiento o en otras unidades administrativas en las que desempeñe funciones análogas, siempre que, respectivamente, dichas unidades participen en el ámbito de aplicación del citado programa de carácter temporal, con el límite de duración señalado en este artículo, o estén afectadas por la mencionada acumulación de tareas”. A referida norma foi derogada coa entrada en vigor do RD. Lexislativo 5/2015, do Texto Refundido da Lei do EBEP, que no seu artigo 10.6 establece que dito persoal interino poderá desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades*

*urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.*

*De conformidade co disposto no apartado “Outras disposicións comúns” das bases xerais publicadas no BOP de 31 de outubro de 2012, e DOGA de 18 de decembro seguinte, referentes á oferta de emprego público correspondente aos anos 2010 e 2011, “os candidatos que non tendo superado o proceso selectivo aprobasen tódalas probas da fase de oposición para ingreso nos correspondentes grupos, corpos, escalas, formarán parte dunha lista de substitucións ordenada en función da puntuación obtida, de maior a menor, ós efectos de poder ser nomeados ou contratados como persoal interino ou laboral.*

*Consecuentemente, dáse cumprimento aos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade na convocatoria para proceder ó nomeamento proposto en réxime de interinidade por acumulación de tarefas, xa que o referido candidato superou os exercicios da correspondente oposición para a cobertura como funcionario de carreira de prazas de administrativo/a de administración xeral na última convocatoria pública.*

*Asemade, e segundo o disposto na Lei 36/2014, de 26 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2015 e, en igual senso o disposto na lei 48/2015, de 29 de outubro, de Orzamentos Xerais do Estado para o vindeiro ano 2016, dispón nos seus artigos 21.Dous e 20.Dous, respectivamente, que durante o ano 2015 e, 2016, non se procederá a contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento de persoal estatutario, temporal ou de funcionarios interinos, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, como e o caso.*

*A este respecto, a Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 20 de xuño de 2014, aprobou as Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, derivadas da aplicación das previsións contidas na Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, da Lei 5/2014, do 27 de maio e, da Lei 22/2013 de Orzamentos Xerais do Estado para o presente ano 2014, contemplándose o seguinte:*

*En cumprimento do establecido na LPGE 2014, durante o presente exercicio non se procederá á contratación de persoal temporal, nin ao nomeamento funcionarios/as interinos, salvo en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, que se restrinxirán aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios, ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.*

*Defínense como servizos e sectores prioritarios no Concello de Vigo a tal efecto os seguintes:*

*1.- Servizos cuxo ámbito funcional se corresponde co listado de competencias propias dos concellos, contemplado na nova redacción do artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro:*

*“O Municipio exercerá en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, nas seguintes materias:*

- a) *Urbanismo: planeamento, xestión, execución e disciplina urbanística. Protección e xestión do patrimonio histórico. Promoción e xestión da vivenda de protección pública con criterios de sustentabilidade financeira. Conservación e rehabilitación da edificación.*
- b) *Medio ambiente urbano: en particular, parques e xardíns públicos, xestión dos residuos sólidos urbanos e protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas.*
- c) *Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais.*
- d) *Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.*
- e) *Avaliación e información, de situacións de necesidade social, e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social.*
- f) *Policía local, protección civil, prevención e extinción de incendios.*
- g) *Tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade. Transporte colectivo urbano.*
- h) *Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.*
- i) *Feiras, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante.*
- j) *Protección da salubridade pública.*
- k) *Cemiterios e actividades funerarias.*
- l) *Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre.*
- m) *Promoción da cultura e equipamentos culturais.*
- n) *Participar na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria, e cooperar coas Administracións educativas correspondentes na obtención dos solares necesarios para a construción de novos centros docentes. A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial.*
- ñ) *Promoción no seu termo municipal da participación dos cidadáns no uso eficiente e sostible das tecnoloxías da información e das comunicacións”.*

2.- *Servizos que incidan directamente dentro do ámbito dos servizos obrigatorios contemplados no artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, tras a modificación operada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro:*

*Os Municipios deberán prestar, en todo caso, os servizos seguintes:*

*–En todos os Municipios: Alumeado público, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, alcantarillado, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas.*

*–Nos Municipios con poboación superior a 5.000 habitantes, ademais: Parque público, biblioteca pública, mercado e tratamento de residuos.*

*–Nos Municipios con poboación superior a 20.000 habitantes, ademais: Protección civil, avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social, prevención e extinción de incendios e instalacións deportivas de uso público.*

*–Nos Municipios con poboación superior a 50.000 habitantes, ademais: Transporte colectivo urbano de viaxeiros e medio ambiente urbano”.*

*O recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados anteriormente como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.*

*3.- Fora do listado competencial exposto, e dentro do actual marco legal de restrición no exercicio das competencias municipais, unicamente poderán ser reforzados aqueles servizos internos ou centrais, de carácter transversal, cuxa actividade permanente resulta imprescindible para o adecuado funcionamento interno dos órganos de goberno, xestión económica e tributaria municipal, tecnoloxías da información e comunicación (TICs), exercicio de funcións reservadas a funcionarios con habilitación de carácter estatal e/ ou órganos directivos municipais; sectores concretados en:*

*–Secretaría Xeral (Pleno, Xunta de Goberno Local e Administración Municipal).*

*–Intervención Xeral Municipal.*

*–Titularidade da Asesoría Xurídica Municipal.*

*–Servizos económicos (Tesourería Municipal e Área de Ingresos)*

*–Servizos Xurídicos municipais: Servizo do Contencioso e Servizo de Recursos e Asesoramento da Asesoría Xurídica Municipal.*

*–Área de Réxime Interior e servizos ou unidades dependentes.*

*–Recursos Humanos.*

*–Administración Electrónica.*

*O recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados anteriormente como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.*

*4.- O Concello de Vigo poderá determinar outros sectores ou servizos de carácter prioritario dentro da organización municipal aos efectos do previsto no presente apartado, sempre en tanto as Administracións Públicas competentes, previa a tramitación legal que proceda, autoricen o exercicio de competencias distintas das propias ou o exercicio de competencias*

delegadas, nos termos do previsto no marco legal vixente e sempre que se acredite o cumprimento dos requisitos previstos neste.

En canto ao exercicio de competencias distintas das propias e das delegadas, estarase ao establecido na Instrución 1/2014, da Intervención Xeral Municipal, resultando de aplicación o disposto no artigo 3.3 da Lei 5/2014, de 27 de maio, que dispón que non se entenderá como exercicio de novas competencias:

- a) A continuidade na prestación dos servizos xa establecidos.
- b) A continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.
- c) A modificación da regulamentación dos servizos ou das súas modalidades cando non leve consigo a realización de novas actividades prestacionais”.

Trátase polo tanto dunha competencia recollida no apartado 3º das referidas Instrucións, xa que se trata dun servizo interno ou central, de carácter transversal cuxa actividade permanente resulta imprescindible para o adecuado funcionamento interno das dependencias municipais, o que se fai constar, segundo o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas nas anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, na súa sesión de data 20 de xuño pasado, a propósito da clarificación das competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación, considerándose como servizo público interno ou central, de carácter transversal, imprescindible para o funcionamento do Concello, informándose en consecuencia favorablemente o devandito nomeamento, tendo en conta a minoración que supón nos créditos correspondentes a postos vacantes.

A urxencia do nomeamento proposto queda acreditada no escrito de petición da Titular da Asesoría Xurídica anexado ao expediente.

O nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses, dun/dunha administrativo/a de administración xeral para a Asesoría Xurídica Municipal, supón un gasto de 12.501,02€, desta cantidade 722,41€ se corresponde ao presente exercicio orzamentario 2015 e, 11.778,61€ ao vindeiro exercicio 2016) ao que haberá que engadirse a cantidade de 3.840,00€ en concepto de Seguridade Social a cargo do Concello e imputaríase con cargo a partida 920.0.1400000 “outras modalidades de contratacións temporais”, prevista no vixente orzamento prorrogado para o ano 2015, dentro do Capítulo I de gastos.

Á vista de todo o exposto, e vistas as competencias en materia de persoal e xestión económica do mesmo que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o artigo 127.1. g) e h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local e, previo o preceptivo informe de fiscalización da existencia de consignación presupostaria que pola Intervención Xeral se emita, polo técnico de organización que subscribe, coa conformidade da Xefa do Servizo de Recursos Humanos, elévase a seguinte:

#### PROPOSTA DE ACORDO

Primeiro.- Declara-la urxencia no nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas, como Administrativo/a de Administración Xeral, ao abeiro do

exposto no artigo 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades da Asesoría Xurídica Municipal, contidas no escrito de 21 de outubro de 2015 e, en consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de 12.501,02€, con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte ao referido nomeamento.

Segundo.- Nomear como funcionario interino por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, a D. VÍCTOR MANUEL MARTÍNEZ COUTO, DNI 76.991.699-G, seguinte aspirante que superou tódolos exercicios da oposición na última convocatoria para a provisión de prazas de Administrativo/a de Administración Xeral, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2010, de conformidade coas bases xerais da mesma.

Terceiro.- Dispoñer que o referido nomeamento farase de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da apaga extraordinaria do posto Cód. 105, Administrativo/a de administración xeral, sendo adscrito a Asesoría Xurídica Municipal (cód. 111), sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do R.D. Lexislativo 5/2015, do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

Cuarto.- Establecer que a xornada laboral do funcionario nomeado desenvolverase preferentemente en xornada continuada de mañá –07,30 a 15,00 horas-. En calquera caso, contarase con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, si por requirimento do servizo fose necesario”.

Acordo:

A Xunta de Goberno Local aproba a proposta contida no precedente informe.

**15(1459).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO-DELEGADO DA ÁREA DE XESTIÓN MUNICIPAL E PERSOAL DE DECLARACIÓN DA XUBILACIÓN OBRIGATORIA DO EMPREGADO PÚBLICO MUNICIPAL D. ALFONSO J. RODRÍGUEZ GONZÁLEZ. EXPTE. 27459/220.**

Dáse conta do seguinte informe-proposta do 18/12/15, da xefa do servizo de RR HH:

“ANTECEDENTES

1.- Consultados os datos obrantes no Servizo de Recursos Humanos en relación a D. Alfonso J. Rodríguez González, con DNI 35.985.618-W, resultan os datos seguintes:

Vínculo xurídico: funcionario de carreira.

Nº de persoal: 14634

Data de nacemento: 02/01/1951

Praza: Delineante, subgrupo C1 de titulación.

Posto de traballo: Delineante, código 106, adscrito ó Servizo de Cartografía e Delineación.

Incidencias relativas á cotización: grupo de tarifa 05, tendo a data de xubilación máis de 42 anos de cotización

2.- Verificado polo Negociado de Seguridade Social o cumprimento dos requisitos legalmente establecidos para a xubilación no servizo activo, e á vista da vida laboral aportada polo traballador, procede propoñer a declaración da xubilación obrigatoria do efectivo indicado, sendo a data de efectos da mesma o 02/01/2016.

### **FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA**

**I.-** O Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE núm. 261, do 31 de outubro de 2015) establece no seu artigo 67, apartado 1, letra b) que a xubilación dos funcionarios públicos poderá ser “Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida”, Asímesmo, no seu apartado 3, establece que “A xubilación forzosa se declarará de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco anos de idade. Nembargantes, nos términos das leis de Función Pública que se dicten en desenrolo deste Estatuto, poderase solicitar a prolongación da permanencia no servizo activo como máximo hasta que se cumpla setenta anos de idade. A administración Pública competente deberá de resolver de xeito motivado a aceptación ou denegación da prolongación”, **en concordancia co establecido no art. 160 e seguintes do Real decreto legislativo 1/1994, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, constituindo o nacemento e a extinción do vínculo de servizo/laboral fixo materia de carácter básico para a totalidade dos empregados/as públicos.**

**II.-** Real Decreto Legislativo 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade presupuestaria e de fomento da competitividade, establece no seu art. 11 respecto da xubilación dos funcionarios públicos que con independencia da idade legal de xubilación forzosa establecida na Lei 7/2007, de 13 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público, será en todo caso a que prevean as normas reguladoras de réxime xeral da seguridade social; non obstante o artigo 67.3 da norma establece que “a xubilación forzosa declararase **de oficio** ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco (65) anos de idade. ”

**III.-** Asímesmo, a Lei 27/2011, de 1 de agosto, sobre actualización, adecuación e modernización do sistema da Seguridade Social, fixa a idade ordinaria de xubilación en términos de anos e meses durante un período transitorio que se estende ata o ano 2027, facendo depender dita idade do período de cotización expresado en anos e meses.

**IV.-** O vixente Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo, aprobado en data 28/12/1989 e de aplicación ao persoal funcionario e laboral, contempla a homoxeneidade de réxime xurídico en canto a dereitos e obrigas do persoal municipal funcionario e laboral, establecendo a idade legal de xubilación para ambos colectivos no seu artigo 33 (que debe contextualizarse no marco legal vixente).

**V.-** A competencia para a declaración das situacións administrativas do persoal municipal e xubilación do mesmo reside no Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos do establecido no Acordo da Xunta de Goberno Local de 19/06/2015, de delegación de competencias e estrutura das áreas e servizos (apartado primeiro, V.3) e con carácter



xeral deriva do previsto no artigo 127.1.h) Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local.

**VI.-** Vistos os fundamentos xurídicos que anteceden, motivación e réxime competencial exposto, formúlase ao órgano competente a seguinte proposta de **RESOLUCIÓN**:

**“Primeiro.-** Declarar a xubilación obrigatoria do funcionario de carreira D. Alfonso J. Rodríguez González, con DNI 35.985.618-W, con nº de persoal 14634, na praza de Delineante, consonte ao informe-proposta que antecede, con data de efectos 02/01/2016.

**Segundo.-** Notifíquese a presente resolución ao interesado, Concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefe/a do Servizo correspondente, Intervención Xeral Municipal, Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización-Seguridade Social-Inspector Auxiliar de Persoal) aos efectos oportunos, dando conta á Xunta de Goberno Local para coñecemento e efectos.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes contado dende o seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.”

Con data 18/12/15, o concelleiro-delegado de Xestión Municipal resolveu de conformidade coa precedente proposta.

A Xunta de Goberno Local queda informada.

### **16(1460).- CERTIFICACIÓN FINAL DAS OBRAS PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO MODIFICADO Nº 1 DE “HUMANIZACIÓN RÚA ALONSO OJEDA-TEIS”. EXPTE. 2490/440.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 18.12.15, dáse conta do informe-proposta do responsable do contrato, do 20.11.15, conformado polo asesor xurídico e concelleiro-delegado da Área de Fomento e pola concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

De acordo co apartado 3 da cláusula nº 1 do PCAP, correspóndelle ao Responsable do contrato a emisión dun informe sobre a execución e desenvolvemento da obra, polo cal procédese a recoller no seguinte informe todos os aspectos e incidencias vinculadas á execución da obra:

#### 1.- Trámites do expediente:

Aprobación do proxecto básico e de execución	Expediente 2616/443, por acordo da XGL en sesión do 03/06/2014
Orden de inicio do expediente	Resolución por Decreto do Concelleiro Delegado con data de 22/07/2014

<i>contratación</i>	
<i>Aprobación expediente de contratación</i>	<i>Expediente 2490/440. Aprobado pola XGL en sesión do 18/07/2014. Importe de licitación de 240.000,00 €.</i>
<i>Aplicación Orzamentaria Proxecto</i>	<i>1550.619.00.46 Humanización rúa Alonso Ojeda</i>
<i>Adxudicación</i>	<i>Por acordo da XGL en sesión do 14/11/2014 a XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., por un prezo de 179.760,00 euros (IVE engadido).</i>
<i>Prazo de execución</i>	<i>4 meses</i>
<i>Garantía:</i>	<i>12+96 meses de incremento da garantía = 108 meses</i>
<i>Sinatura do contrato</i>	<i>21/11/2014</i>
<i>Dirección facultativa</i>	<i>A XGL do 14/11/2014, acordou o nomear aos técnicos municipais D. JUAN AGUIRRE RODRÍGUEZ e D. JUAN HANSEN GARCÍA Expediente: 2738/443.</i>
<i>Coordinación de Seg e Sa.</i>	<i>A XGL do 27/11/2014, acordou o nomear a Da. Rebeca Galiñanes Fernández con DNI 53182606-M, aparelador Colexiado nº VR 1002.</i>
<i>Plan de Seguridade e Saúde</i>	<i>Aprobado pola XGL en sesión de 5/12/2014, de acordo co documento presentado pola mercantil XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L., de acordo co informe favorable de data 3/12/2014 asinados por Da. Rebeca Galiñanes Fernández, como coordinadora de seguridade e saúde.</i>
<i>Plan de Residuos</i>	<i>Se da conta a XGL en sesión do 5/12/2014, de acordo co documento presentado pola mercantil XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. e co informe favorable de data 2/12/2014 asinado por D. JUAN AGUIRRE RODRÍGUEZ e D. JUAN HANSEN GARCÍA, como directores facultativos.</i>
<i>Plan de Traballo</i>	<i>Aprobado pola XGL en sesión de 2/12/2014, de acordo co documento presentado pola mercantil XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. e co informe favorable de data 05/12/2014 asinado por D. JUAN AGUIRRE RODRÍGUEZ e D. JUAN HANSEN GARCÍA, como directores facultativos.</i>
<i>Plan de Calidade</i>	<i>Aprobado pola XGL en sesión de 12/12/2014, de acordo co documento presentado pola mercantil XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. e co informe favorable de data 02/12/2014 asinado por D. JUAN AGUIRRE RODRÍGUEZ e D. JUAN HANSEN GARCÍA, como directores facultativos.</i>

## 2.- Execución da obra:

De acordo co punto a) do apartado 4º das FEC, o prazo de execución é de 4 meses.

<i>Acta de comprobación do Replanteo</i>	<i>Acta asinada con data 10/12/2014 Se da conta á XGL con data 23/12/2014. Expte 2788/443</i>
<i>Data de inicio das obras</i>	<i>11/12/2014</i>
<i>Data inicial de finalización das obras</i>	<i>11/04/2015</i>

Con data 17 de febreiro de 2015 asinase acta de paralización das obras de execución das obras: "Humanización rúa Alonso Ojeda". A dita acta recolle a suspensión da obra mentres non se rematen as obras de de renovación do saneamento e execución de rede separativa cuxo contratista é Aqualia.

Con data 6 de abril de 2015 a empresa adxudicataria recibe a notificación de reanudación das obras de execución das obras: "Humanización rúa Alonso Ojeda" xa que as obras de saneamento estean case acabadas.

Posteriormente solícítase a autorización de redacción de proxecto modificado o 13/04/2015 e o 13/08/2015 aprobase dito proxecto co que se reinician as obras.

### 2.1.- Axuste do prazo de finalización da obra:

Atendendo a que o prazo de suspensión abarcou o períodos comprendidos entre o 17/02/2015 ata o 06/04/15 (49 días) e o 24/04/2015 ata o 13/08/2015 (112), o prazo de finalización pasa do inicialmente establecido para o 11 de abril de 2015 á **data límite do 19 de setembro de 2015**.

### 3.- Certificacións de obra:

Data	Nº certificación	importe
29/12/14	Certificación nº 1. por acopios. (ive incluído):	40.926,99 €
29/12/14	Certificación nº 2. execución obra. (ive incluído):	2.026,45 €
10/02/15	Certificación nº 3. execución obra. (ive incluído):	0,00 €
03/03/15	Certificación nº 4. execución obra. (ive incluído)	47.511,48 €
31/05/15	Certificación nº 5. execución obra. (ive incluído)	30.768,96 €
15/08/15	Certificación nº 6. execución obra. (ive incluído)	56.267,95 €
15/09/15	Certificación nº 7. execución obra. (ive incluído)	2.258,17 €

En relación as datas das certificación emitidas debese indicar as seguinte incidencias:

A certificación nº 1 de acopios, de data 29/12/2014, correspóndese coa autorización da XGL de data 26/12/2014 (expte 2490/440), por un importe de materiais acopiado de 40.926,99 € polo cal a súa data correspóndese a súa tramitación dentro dos prazos máximos para dar cumprimento as instrución de peche do exercicio económico 2014.

A certificación nº 2, de data 29/12/2014, correspóndese coas actuación executadas na obra no período comprendido dende a data de inicio das obras (11/12/2014), ata a data máxima para poder tramitar o seu pago en relación a dar cumprimento as instrucións de peche do exercicio económico 2014.

#### 4.- Cumprimento das obrigas derivadas do PCAP:

4.1.- En relación a Cláusula nº 27 do PCAP, e de acordo as obrigas do adxudicatario en relación o "PERSOAL DO CONTRATISTA", debemos de indicar que no expediente consta a seguinte documentación:

a.- Consta a comunicación por escrito do contratista sobre o persoal que adscribirá a obra correspondente a execución da Humanización da rúa Alonso Ojeda

b.- Consta declaracións responsable asinadas polo Representante do Contratista, en relación a estar o corrente de pago de todas as súas obrigas salariais cos traballadores/as propios destinados a execución dos traballos obxecto do contrato e de acordo os seus contratos e os convenios colectivos de aplicación.

c.- Coa certificación final se adxunta a documentación acreditativa de estar o corrente coa Seguridade Social.

d.- Consta declaración responsable na cal se acredita o cumprimento das seguintes circunstancias de acordo co artigo 10 do Real Decreto 171/2004 de Coordinación de Actividades Empresariais:

- Que xunto coas súas subcontratas realizaron para a obra obxecto do contrato a avaliación dos riscos e a planificación da súa actividade preventiva.
- Que xunto coas súas subcontratas cumpriron coas súas obrigas en materia de información e formación respecto dos traballadores que vaian a executar os traballos.

4.2.- En relación a Cláusula nº 25 do PCAP, e de acordo as obrigas do adxudicatario en relación a "EXECUCIÓN DO CONTRATO", debemos de indicar que no expediente consta a seguinte documentación:

a.- Durante a execución das obras foron colocados a cargo do contratista os carteis informativos da obra, seguindo os modelos e instrucións do director facultativo das obras (consta na documentación gráfica anexa)

b.- Consta no expediente documentación gráfica sobre as diversas fases da execución da obra.

c.- Consta no expediente informe final da execución da obra entregado polo Contratista ao director facultativo de data setembro de 2015, como documentación obrigatoria con anterioridade a aprobación da acta de recepción. Dito informe recolle en formato papel e dixital: documentación administrativa da obra, reportaxe fotográfico, certificados de calidade dos materiais, certificados de transporte e xestión de residuos autorizado, resultados dos ensaios realizados con cargo ó control de calidade, planos final de obra de tódalas actuacións levadas a cabo e presuposto final de obra comparado co presuposto do proxecto aprobado.

d.- Consta no expediente a comunicación do Contratista sobre o nome do técnico facultativo da empresa que ostentará a dirección de obra por parte da empresa.

e.- Consta no expediente a acta de comprobación do replanteo, asinada polas partes con data de 10/12/2014, a cal se atopa dentro do prazo máximo dun mes dende a formalización do contrato (data do contrato 21/11/2014). A devandita acta foi tramitada para dar conta a Xunta de Goberno Local como órgano de contratación na sesión do 23/12/2014.

f.- Consta no expediente os seguintes documentos:

–Programa de traballo, presentado pola empresa, coa conformidade dos directores facultativos de data 02/12/2014. Dito programa de traballo foi aprobado pola XGL en sesión de 12/12/2014.

–Plan de seguridade e saúde, presentado pola empresa, coa conformidade do Coordinador de seguridade e saúde de data 14/11/2014. Dito Plan de seguridade e saúde foi aprobado pola XGL en sesión de 28/11/2014.

–Plan de residuos, presentado pola empresa, coa conformidade dos directores facultativos de data 2/12/2014. Dito plan de residuos foi aprobado pola XGL en sesión de 28/11/2014.

–Plan de calidade, presentado pola empresa, coa conformidade do director facultativo de data 02/12/2014. Dito plan de calidade foi aprobado pola XGL en sesión de 12/12/2014.

g.- Consta no expediente copia acreditativa da comunicación á autoridade laboral do inicio das obras e da apertura de centro de traballo, de acordo coa declaración responsable e copia do documento entregado no rexistro de entrada da inspección de traballo..

h.- Consta no expediente, e unha vez efectuada a recepción definitiva o Libro de ordes.

i.- En relación ao despexe final das obras, infórmase que as zonas afectadas polas obras e non ocupadas por elas, foron restituídas á súa situación inicial antes da recepción das mesmas.

j.- Consta no expediente a declaración responsable por parte do contratista na que se detallan aquelas subcontratistas ou subministradores cos que formalizase relación contractual, así como a de estar o corrente de pago nos prazos acordados cos subcontratistas ou subministradores respecto dos traballos executados no ámbito das certificacións presentadas. Así mesmo consta declaración responsable por parte do contratista na cal se indica que derivado das subcontratacións realizadas durante a execución da obra e de acordo coa documentación que consta no libro de subcontratación, o volume de obra subcontratada non supera o límite do 50 % establecido na cláusula 38 do PACP.

k.- Consta no expediente a xustificación presentada polo contratista do cumprimento das **CONDICIONS ESPECIAIS DE EXECUCIÓN** definidas nas FEC respecto os apartados 4, 5 e 6 da cláusula 26 do PCAP.

#### 5.- Recepción das obras:

As obras finalizaron dentro do prazo máximo establecido do 19/09/2015 e con data 04 de setembro asinase acta de recepción definitiva da obra relativa o proxecto de “Humanización da rúa Alonso Ojeda”. Determínase a data do 14 de setembro para a realización da medición xeral.

De acordo o contido da acta de recepción, en relación a determinación do acto para a realización da Medición Xeral, con data 14 de setembro de 2015, procedese a realización de dita medición xeral das obras coa participación do director Facultativo da obra e o representante do contratista, de acordo co estipulado no artigo 166 de RXLCAP. Dito acto queda recollido na Acta de Medición Xeral expedida por triplicado con data 15 de setembro e asinada por D. Juan Aguirre Rodriguez e Juan Hansen García, na súa condición de Directores Facultativos e de D. Jorge Do Camiño Covelo como representante do Contratista, o cal mostra a súa conformidade o resultado da medición realizada no mesmo acto. A dita acta e entregada o Responsable do Contrato na mesma data.

Por parte da dirección facultativa procedese na data de 15 de setembro de 2015 a emitir a certificación final da obra (nº 7), de acordo o contido da medición xeral realizada. Dita certificación final e asinada polo Representante do Contratista na mesma data.

#### 6.- Prazo de garantía:

O prazo de garantía correspondente o presente expediente de acordo o contido da oferta realizada polo adxudicatario e de acordo o contido do contrato asinado, correspóndese cun período de 108 meses, polo cal o inicio do prazo de garantía que terá efecto a partir da data de 04/09/2015, correspondente a data de recepción asinada polas partes, rematará o 04/09/2024. Polo cal o Responsable do contrato dentro dos quince (15) días anteriores o cumprimento do prazo de garantía, de oficio o a instancia do contratista deberá redactar informa sobre o estado das obras e proceda á Liquidación do contrato segundo o procedemento regulado no artigo 235 do TRLCSP.

#### 7.- Competencia para a aprobación:

De conformidade co previsto no artigo 235.1 do TRLCSP a competencia para a aprobación da certificación final de obra correspóndelle ao órgano de contratación, que de conformidade co previsto na disposición adicional segunda de dita norma, é a Xunta de Goberno Local ao ser Vigo un municipio de "gran poboación".

### **PROPOSTA:**

Por isto, o funcionario que subscribe propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

- 1.- Aprobar a CERTIFICACIÓN 7-FINAL de data 15 de setembro de 2015, por un importe de 2.258,17 €, correspondente á execución das obras do expediente 2490/440 "HUMANIZACIÓN DA RÚA ALONSO OJEDA". A dita certificación recolle a medición xeral da obra executada, correspondéndose á mesma a unha execución de obra de:

Presuposto de execución material:	166.678,24 €
A deducir execución mat. Certif. anteriores	164.584,40 €
Total execución material da presente certificación	2.093,84 €
Gastos xerais (13%)	272,20 €

<i>Beneficio industrial (6%)</i>	<i>125,63 €</i>
<i>Suma:</i>	<i>2.491,67 €</i>
<i>Baixa adxudicación (25,10000%)</i>	<i>625,41 €</i>
<i>Total:</i>	<i>1.866,26 €</i>
<i>BASE</i>	<i>1.866,26 €</i>
<i>IVE (21)%</i>	<i>391,91 €</i>
<b><i>Presuposto líquido global contractual</i></b>	<b><i>2.258,17 €</i></b>

*Esta certificación será tramitada con cargo á aplicación orzamentaria 1550.619.00.46.*

- 2.- *Quedar enterada do inicio do prazo de garantía da obra “Humanización da rúa Alonso Ojeda”, que de acordo co contrato asinado en data 21/11/2014 se corresponde con 108 meses, os cales terán efecto a partir da data de 04/09/2015, correspondente a da acta de recepción asinada polas partes, polo cal o prazo de garantía remata o 04/09/2024. Polo cal o Responsable do contrato dentro dos quince (15) días anteriores o cumprimento do prazo de garantía, de oficio ou a instancia do contratista deberá redactar informe sobre o estado das obras e, se fora favorable, se deberá proceder á devolución ou cancelación da garantía, á liquidación do contrato e, no seu caso, ao pago das obrigas pendentes, que deberá efectuarse no prazo de sesenta (60) días.*

*Da liquidación do contrato deberá darse conta, polo responsable do contrato, á Xunta de Goberno Local, salvo que existiran obrigas pendentes; en cuxo caso o seu abono deberá ser aprobado polo dito Órgano.*

- 3.- *Do presente acordo deberase dar conta ao Contratista para o seu coñecemento e presentación da correspondente factura polo importe da certificación 7-final da obra aprobada no punto primeiro anterior.*

### **Acordo**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **17(1461).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

Olga Alonso Suárez.